PROXECTO EDUCATIVO 2020

APROBADO NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO O 29 DE XUÑO DE 2021

DOCUMENTO PENDENTE DE ACTUALIZACIÓN AO NOVO MARCO LEXISLATIVO DA LEI ORGÁNICA 3/2020, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA A LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN, E AOS DECRETOS QUE A DESENVOLVAN.

ÍNDICE

1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS 3

2. CONTEXTO SOCIAL, POLÍTICO E ECONÓMICO 4

2.1. O CONCELLO 4
2.2. O IES CAMPO DE SAN ALBERTO NO CONTEXTO 6

3. IDENTIFICACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO 7

3.1. NOME, LOCALIZACIÓN E TITULARIDADE 7
3.2. INFRAESTRUTURA E INSTALACIÓNS 7
3.3. NIVEIS EDUCATIVOS QUE ACOLLE E NÚMERO DE UNIDADES HABILITADAS 7
3.4. RÉXIME DE PERMANENCIA. HORARIOS 8
3.5. RECURSOS HUMANOS DO CENTRO 8
3.6. FINANCIAMENTO 9

4. SINAIS DE IDENTIDADE DO IES CAMPO DE SAN ALBERTO 9

4.1. PLURILINGÜISMO 9
4.2. CALIDADE EDUCATIVA. PRINCIPIOS XERAIS METODOLÓXICOS 10
4.3. CONVIVENCIA, PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS 11
4.4. IGUALDADE E COEDUCACIÓN 12
4.5. COMUNIDADE DE APRENDIZAXE ABERTA. PROXECTOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E TRANSVERSAIS 12
4.6. MODALIDADE DE XESTIÓN DO CENTRO 15

5. ESTRUTURA ORGANIZATIVA E DINAMIZACIÓNS 16

5.1. ORGANIGRAMA 16
5.2. COORDINACIÓN DOCENTE E DINAMIZACIÓNS 17

6. OBXECTIVOS XERAIS E FINS EDUCATIVOS DO IES 33

6.1. FINS EDUCATIVOS PARA A CALIDADE DA EDUCACIÓN 33
6.2. VALORES E ACTITUDES 34
6.3. OBXECTIVOS DOCENTES 34
6.4. OBXECTIVOS PEDAGÓXICO-DIDÁCTICOS 36
6.4. XESTIÓN E PARTICIPACIÓN 37
6.5. ORIENTACIÓN 38

7. PROGRAMACIÓNS, CONCRECIÓNS CURRICULARES E METODOLOXÍA. DIRECTRICES. 39

7.1. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS 39
7.2. CONCRECIÓNS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE 39
7.3. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS. ORIENTACIÓNS. 40
7.4. ESTRATEXIAS APLICABLES 42

8. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO 43

8.1. NECESIDADE DE AVALIAR 43
8.2. AVALIACIÓN DO PE 43
8.3. INFORME DE AVALIACIÓN. RETROALIMENTACIÓN 44

9. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA 45

10. ANEXOS 46

1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Proxecto Educativo do IES Campo de San Alberto vixente ata este curso académico 2020-2021 data do ano 1994, polo que se percibe como imprescindible a renovación do seu enfoque, incorporando a nova realidade da nosa comunidade educativa. O Proxecto Educativo de Centro debe converterse nun documento no que, a partir da análise da contorna e necesidades educativas, defina as sinais de identidade do noso centro cuns obxectivos adaptados ao marco lexislativo vixente e ao noso contexto.

Coa colaboración de toda a comunidade educativa promoveuse ao longo de 4 cursos escolares un grupo de traballo flexible que se encargou da súa concreción no presente documento.

Os documentos institucionais e didácticos, en especial o que aquí se presenta, adquiren un protagonismo destacado en canto que se configuran como nexo vertebrador de todas as prácticas docentes.

O Proxecto Educativo é para a nosa comunidade educativa unha ferramenta de mellora continua, xa que nos ofrece un método unificado e coherente para traballar, integrándoo cos principios e valores, axudándonos na planificación das nosas tarefas e tendo en conta os intereses e necesidades do alumnado e as súas familias. Recolle a nosa idiosincrasia e sinais de identidade. Nel se reflexan os valores, as políticas e estratexias, xunto cos obxectivos e as prioridades de actuación que dirixen a nosa tarefa educativa.

Tendo en conta o entorno social e cultural do noso IES, concrétanse os currículos establecidos e o tratamento transversal da educación en valores, así coma a atención á diversidade, a acción titorial, os plans de convivencia e igualdade, respectando o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais.

O proxecto educativo de centro ven a ser como a Constitución ou Carta Magna do Estado, a norma básica ou marco de referencia para actuar no ámbito educativo do centro.

É a *guía* que establece os obxectivos e principios que rexerán a actuación do IES como entidade singular, autónoma e participativa.

É a proposta integral de consenso para a intervención educativa, asumindo o contexto ou contorna social, que enumera e define as características da nosa identidade, formulando os obxectivos xerais e describindo a estrutura organizativa.

Os elementos ou características que definen o PE:

1. Global ou Total. O contido do PE non se limita aos aspectos formativos; o documento debe concibir o centro como un todo no que se integran familias, profesorado e persoal, alumnado, a sociedade… A redacción debe facerse desde unha *perspectiva holística,* analizando os eventos desde o punto de vista das múltiples interaccións que os caracterizan (o sistema completo compórtase de xeito distinto que a suma das súas partes), tendo a mellora da aprendizaxe como fin último.

2. Singular. A experiencia do centro e as necesidades da comunidade educativa serven de partida ao PE.

3. Autónomo. O PE desenvólvese de xeito autónomo, definindo a forma de traballar do centro, diferente á liberdade de cátedra de cada docente.

4. Colaborativo. O PE, coma un traballo coordinado e consensuado pola comunidade educativa é a clave do compromiso dos diferentes colectivos.

5. Democrático. Débese incluír e garantir no PEC a participación activa do alumnado e as familias na elaboración, execución e revisión do mesmo.

6. Social. A contorna é factor influente no día a día do centro. O instituto pertence a unha realidade ampla na que interactúa. Integrar a contorna social contribuirá a unha mellor educación do alumnado.

7. De calidade. O PE debe procurar o máximo aproveitamento das capacidades de todo o alumnado, asumindo e integrando os conceptos de equidade e igualdade de oportunidades. O enfoque é integrador; todos os estudantes deben poder alcanzar o obxectivo final de aprendizaxe.

8. Inclusivo e integrador. O PE debe favorecer a inclusión dos integrantes da comunidade educativa, con políticas de fomento da diversidade cultural.

9. Organizacional. O proxecto debe recoller os valores e principios que rexen a convivencia no centro.

10. Motivador. A participación e implicación dos docentes, encargados da práctica do PEC, é o papel clave para o éxito. É necesaria unha cultura de equipo, sentirse integrados e motivados en canto aos valores e obxectivos.

A pretensión final do PE, basicamente, debe ser dar resposta as seguintes cuestións fundamentais:

¿Onde estamos? Que ven ser a ANÁLISE DO CONTEXTO, a contorna propia onde nos desenvolvemos.

¿Quen somos? Describe as nosas NOTAS DE IDENTIDADE, o que nos fai singulares.

¿Que queremos? Proponse unha FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS de presente e futuro para o centro.

¿De que medios dispomos? É o proceso de CONCRECIÓN DUNHA ESTRUTURA real para acadar ese obxectivos.

¿Como nos organizamos? É a elaboración da normativa interna que nos damos, o *Regulamento de réxime interno*, a FORMULACIÓN DA ESTRUTURA que fai viable o noso proxecto.

2. CONTEXTO SOCIAL, POLÍTICO E ECONÓMICO

2.1. O CONCELLO

O Concello de Noia conta cunha Superficie de 37,2km². Conta cunha Poboación de 14.295 habitantes (Fonte: *INE. Padrón municipal de habitantes*– 2017 // 01/01/2018); homes 6.844; mulleres 7.451.

Parroquias de Noia: Seguindo o nomenclátor, o municipio comprende a vila de Noia e as 5 parroquias seguintes: Santa María de Argalo, Santa Cristina de Barro, San Pedro de Boa, Santa Mariña de Obre, Santa María de Roo.

- **Economía:**

En canto á estrutura socio-económica de Noia, débese destacar que se trata dunha comarca de eminente carácter urbano, na que as actividades agropecuarias de subsistencia tenden a desaparecer fronte a un sector industrial, pesqueiro e, sobre todo terciario, en franco crecemento. O motor económico da vila noiesa está centrado en dous sectores: o sector servizos e o sector primario. No sector servizos destaca o comercio, xa que Noia é un pobo de tradición comercial: antigamente a Noia se a coñecía pola calidade das súas peles e os seus zapatos.

No sector primario a actividade económica por excelencia é o marisqueo, do cal viven numerosas familias. A actividade pesqueira da comarca localízase fundamentalmente nos portos de Noia, O Freixo, Portosín e Porto do Son, nos que ten a súa base unha importante flota artesanal e de litoral dedicada ao marisqueo e á pesca. En Noia, esta actividade concéntrase no porto de Testal, situado xunto á praia do mesmo nome, onde se encontran varios bancos marisqueiros. Os principais bivalvos que se capturan na ría son o berberecho e a ameixa, tanto a fina coma a babosa.

É o sector terciario o que maior porcentaxe de poboación ocupa, próximo xa ao 50%. A oferta de servizos localízase fundamentalmente na vila de Noia, seguida das de Porto de Son e Outes. A actividade comercial, os transportes e, sobre todo, as relacionadas co sector turístico son as que teñen unha maior importancia na economía da comarca, especialmente durante os meses de verán nos que se incrementa notablemente a súa poboación.

A pesar da crecente importancia que o turismo está a ter nos últimos anos, este sector aínda non monopoliza a economía da localidade. Non obstante, existen diversos establecementos hoteleiros dispersos pola vila, así como numerosos bares e restaurantes.

- **Perspectivas Socioeconómicas:**

As perspectivas socioeconómicas deberían pasar por ser as dun concello situado no entorno dun territorio privilexiado: o eixo atlántico, vertebrado pola autoestrada entre Ferrol e Tui. A Galicia do S. XXI tenderá a concentrarse nesa extensa conturbación excelentemente comunicada externa e internamente, na que se situarán as dinámicas creativas máis importantes. Esta situación de privilexio debería influír de forma positiva no devir noiés, xa que o máis dinámico dos nodos do eixo, Santiago de Compostela, está situado a menos de 35 quilómetros de Noia. A nova vía de alta capacidade Brión-Noia, de más de 17 Km. de lonxitude, constitúe o principal eixo de comunicación entre Noia e Santiago de Compostela.

A mellora das comunicacións e da infraestrutura hoteleira; a xestión e posta en valor do patrimonio cultural e da continuación do camiño de Santiago ata o mar, seguindo en sentido inverso o percorrido de romeiros medievais; a rehabilitación racional do casco histórico, cunha oferta de vivendas para primeira residencia e a recuperación e revitalización do espazo natural da ría e o seu entorno, son os primeiros pasos para desenvolver unha industria da cultura e do lecer, cun tecido empresarial dinámico e moderno, foco de atracción para reter ás novas xeracións e frear a tendencia migratoria.

Asemade, será preciso deseñar e aplicar programas para manter un turismo continuo e de calidade ao longo de todo o ano, máis aló da temporada de verán.

O carácter de centro comarcal tradicional con clara especialización comercial terá que afrontalas novas formas de comercialización con diversas alternativas de consumo, novas canles de comunicación, novas tecnoloxías e modalidades de compra.

- **Un pouco de Historia e Arte:**

A Carta Pobra de Noia, outorgada o 9 de abril de 1168, será o punto de partida da constitución de Noia como entidade xurídica/política, sendo de gran transcendencia para Noia e a súa comarca. A conmemoración desta efeméride no 2018 -*850 aniversario da Carta*- é relevante para o Concello, permítenos reflexionar sobre o pasado, a longa historia que nos precede, pero cos pés no presente e a mirada no futuro, para proxectar Noia cara adiante.

Noia é unha vila que conserva un dous mellores cascos antigos de Galicia o que permite que Noia goce de fama polo seu patrimonio cultural, artístico e histórico.

En documentos antigos figura a cidade de Noia coas súas dúas localidades ou barrios: o de *Noela*, onde agora está o barrio de Campo e o *Novium*, novo burgo amurallado coincidente co actual casco histórico. Ao converterse en residencia habitual do arcebispo Berenguel de Lendoira, recibiu

favores como a construción da *igrexa de Santa María* e fortificación cunha *muralla* de doce portas con arcos oxivais e torres grandes.

Todo iso foi demolido na súa maior parte durante o S. XVIII. A *Porta da Vila* introdúcenos no conxunto histórico. A súa visita pode comezar polo *templo de Santa María a Nova* co seu cemiterio gremial e continuar polos *templos de San Martiño e San Francisco*. *San Martiño*, gótico galego da 1ª ½ do S. XV, destaca pola súa fachada cun gran rosetón e porta ao estilo compostelán, con arquivoltas e xambas decoradas ricamente con esculturas como os doce anciáns con instrumentos musicais. No seu interior a *capela de Valderrama* cóbrese con bóveda estrelada. No soar do antigo *convento de San Francisco*, edificio renacentista, construíuse a Casa Consistorial, aproveitando pezas doutros pazos e partes do convento.

A importancia do seu pasado queda reflectida na abundancia de pazos e casas señoriais. Fronte á *igrexa de Santa María* está o *pazo barroco dos García Suárez ou Senra*. Paga a pena contemplar a *Casa da Xouba*, o *pazo Dacosta* e *Forno do Rato*. Na Praza do Curro, áchase o *Hospital de Sancti Spíritus*, que foi Colexio de Gramática no S.XVII. Modernista é o *Coliseo Noela*. Con forte sabor mariñeiro son as rúas de *soportais*, utilizadas antano para gardar as barcas.

FONTES: Webs do Concello de Noia e *"PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE NOIA. Documento de Aprobación Inicial"; Webs dos Mass Media, ...*

2.2. O IES CAMPO DE SAN ALBERTO NO CONTEXTO

O *IES "Campo de San Alberto"* queda inmerso no contexto político, económico e social do Concello de NOIA e a súa comarca.

O noso centro é singular pola súa ampla oferta e porque conta con ensinanzas exclusivas en toda a comarca. Debemos poñer en valor a complexidade formativa e a diversidade do noso centro, pois supón unha vantaxe para o alumnado desenvolverse nun contexto que se asemella á sociedade, compartindo espazos e experiencias formativas con membros da mesma comunidade educativa de idades comprendidas entre os 12 e os 80 anos.

A prioridade do Centro será atopar o xeito de mellor servir ao futuro da colectividade cidadá, das familias, que temos por referencia no proceso educativo. As propostas didácticas que deseñe o IES, os proxectos de futuro, os obxectivos educativos a acadar, deben estar condicionados polo que a sociedade nos demanda, polas expectativas de desenvolvemento futuro que se están a programar no ámbito socio-económico do concello ou comarca.

Así mesmo, debemos seguir fomentando a apertura do centro á contorna, comezando polas familias (que son o punto de partida na socialización do alumnado) e colaborando con empresas e asociacións do concello e comarca.

O fracaso escolar, a marcha da xuventude por necesidades económicas, a emigración e inmigración, a perda de poboación, as actividades económicas emerxentes,... son os elementos a ter presente na proposta de PE.

3. IDENTIFICACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

3.1. NOME, LOCALIZACIÓN E TITULARIDADE

- Nome: IES Campo de San Alberto
- Enderezo: Rúa Egás Moniz, nº 6
- Localidade: Noia
- Provincia: A Coruña
- Código do Centro: 15.026.731

O *IES Campo de San Alberto* é un centro de titularidade pública, dependente da Consellería de Educación (Xunta de Galicia).

No mesmo concello contamos con outros centros educativos: o *IES Virxe do Mar*, o *CEIP Felipe de Castro*, o *CPR Jaime Balmes* ,o *CPR Plurilingüe María Assumpta* e o *CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso*. Os dous últimos son centros adscritos ao IES Campo de San Alberto.

3.2. INFRAESTRUTURA E INSTALACIÓNS

O complexo *IES Campo de san Alberto* conta con varios edificios ou instalacións:

- Edificio principal: Aulas e demais instalacións educativas.
- Ximnasio do Centro.
- Polideportivo Anexo ao Centro.
- Vivenda Subalterno/a.

O Edificio principal do IES Campo San Alberto está distribuído en catro plantas:

- Planta Baixa: recepción, oficinas, dirección, cafetería, salón de actos, Aula Específica, 1 taller de Tecnoloxía dividido en dous, 2 talleres-aula de Telecomunicacións, Laboratorio de Sanidade co seu almacén anexo, e o almacén xeral.
- 1ª Planta: 8 aulas de ESO, sala de profesores, biblioteca, seminarios, taller de FP Básica, 2 aulas de Administrativo, 1 de Informática, Laboratorio de Ciencias, Laboratorio de Química e de Física, departamento de Orientación e local para a atención a familias, 1 aula de convivencia e 1 taller para FP Básica dividido en dous.
- 2ª Planta: 7 aulas de Bacharelato, aulas de Ciclo Superior de Administrativo, aula de Plástica, aula de Música, Audiovisuais, aula de Informática, 2 aulas de desdobre, almacén de libros de texto e seminarios.
- 3ª Planta: aula de Relixión, de Idiomas, de Debuxo, dúas aulas de Laboratorio Clínico e Biomédico, outra de desdobre e Departamento de Sanidade.

Todas as aulas dispoñen de ordenador, proxector e conexión a Internet.

As de 1º e 2º de ESO ademais dispoñen das instalacións do proxecto Abalar/Edixgal.

3.3. NIVEIS EDUCATIVOS QUE ACOLLE E NÚMERO DE UNIDADES HABILITADAS

- Educación Secundaria Obrigatoria: 6/8 unidades
- Aula específica: 1 unidade
- Bacharelato: 6/8 unidades
- Formación Profesional:
    - F.P.Básica: Electrónica e electricidade: 1 unidade en 1º e 1 unidade en 2º.
    - Ciclos Medios: Xestión Administrativa: 1 unidade en 1º e 1 unidade en 2º; Instalación de Telecomunicacións: 1 unidade en 1º e 1 en 2º.

- Ciclos Superiores: Laboratorio Clínico e Biomédico 1 unidade en 1º e 1 en 2ºAdministración e Finanzas: 1 unidade en 1º e 1 en 2º.

- Educación de Adultos: EBI I. 1 unidade. EBI II: 1 unidade; ESA módulos I -II: 1 unidade. ESA módulos III-IV : 1 unidade.
- Aula Mentor*"online".*

3.4. RÉXIME DE PERMANENCIA. HORARIOS

O horario xeral que se establece anualmente comprende horas lectivas e horas para actividades extraescolares e outras (xuntanzas, exames, etc.).

O HORARIO é o intervalo de tempo no que se levan a cabo as actividades que implican presenza de alumnado nalgunha das ensinanzas que se imparte no centro.

Durante todo o curso o Centro atende a actividade docente de 8:45h a 14:25h e de 16:20h a 21:20h de luns a xoves sendo os venres o mesmo ate as 19:40h na quenda da tarde.

O centro ábrese ás 8:15 horas para o persoal do centro, e ás 8:30h para todo o alumnado.

O horario lectivo desenvólvese do seguinte xeito:
Para o alumnado da ESO e Bacharelato:

-De luns a venres entre as 08:45 e as 14:25 e a tarde do luns de 16:20 a 18:00h.
Para o alumnado dos Ciclos Formativos:

-De luns a venres entre as 08:45 e as 14:25 e a dúas tardes: luns, martes ou xoves en horario comprendido entre as 16:20 e as 19:40
Para o alumnado da ESA e EBI:

-De luns a xoves entre as 16:20 e as 21:20 e o venres de 16:20 a 19:40h.

O horario das actividades extraescolares deportivas, contempladas no plano anual é o dos mércores de 16,20 a 18,50 horas.

As actividades promovidas pola ANPA e outras entidades, poderanse realizar nos martes, mércores, xoves e venres entre as 17:30 horas a 21:30 horas, dependendo das actividades extraescolares propias do centro, nas instalacións correspondentes, sempre e cando a entidade organizadora se comprometa a nomear unha persoa responsable da actividade e das instalacións.

Nas tardes dos luns, martes, mércores, xoves e venres en horario de 16:20 a 20:00 horas pódense utilizar as aulas e dependencias docentes, dependendo da dispoñibilidade, para realizar exames e actividades inherentes á función docente co alumnado. Tamén se poden realizar reunións dos diferentes colectivos da comunidade escolar.

3.5. RECURSOS HUMANOS DO CENTRO

Profesorado:

O Centro conta cun total APROXIMADO de 60 profesoras/es, variable, que depende das necesidades de cada curso e da matrícula de alumnado.

O profesor de Grego comparte docencia co IES Virxe do Mar, e a profesora de Relixión co CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso, 16 profesores/as imparten ensinanzas de Ciclos Formativos, 4 profesores/as dependen e pertencen ao departamento de Orientación. O resto imparte, e ás veces comparte, ensinanzas: ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Educación de Persoas Adultas.

Persoal de administración e servizos:

- 1 auxiliar administrativo
- 3 conserxes: dous pola mañá e un pola tarde
- Persoal de limpeza: 3 persoas a xornada completa

3.6. FINANCIAMENTO

Trátase dun centro público financiado case de xeito exclusivo pola Consellería de Educación; recibe subvencións da Unión Europea.

4. SINAIS DE IDENTIDADE DO IES CAMPO DE SAN ALBERTO

O IES Campo de San Alberto, como Comunidade Educativa Democrática, defínese como:

Plural, respectuoso, tolerante e integrador coa diversidade. Dentro da lei, aberto a todas as tendencias culturais, ideolóxicas e relixiosas, co fin último de que o alumnado se vaia conformando cos seus propios criterios e que, cos coñecementos e formación adquiridos, aprenda de xeito autónomo a analizar racional e criticamente a realidade e poda tomar decisións democráticas e responsables cara o futuro.

O noso IES segue o MODELO de Escola Pública e de Calidade, que de acordo cos principios e dereitos constitucionais, salienta os seguintes DESCRITORES que nos caracterizan como ESCOLA:

- Participativa, democrática e solidaria, tolerante e plural -non discrimina nin segrega- respectuosa co medio e as persoas.
- Non confesional, respectuosa con todas as crenzas individuais da Comunidade, acordes cos principios básicos da convivencia propia dunha sociedade democrática avanzada.
- Respectuosa coa liberdade de cátedra como dereito do docente a expoñer e explicar, sen adoutrinar nin facer proselitismo, o seu enfoque persoal no labor docente, dentro do respecto á Lei.
- En relación e aberta coa entorna social e promotora de valores como a equidade, igualdade de oportunidades e a xustiza social.
- De enfoque humanístico, o diálogo, a tolerancia e a auto-disciplina son as máximas de actuación nas relacións entre os diversos compoñentes.

O IES Campo de San Alberto entende a educación como un proceso integral, continuo no tempo e aberto, e en contacto coa entorna social, dando gran importancia ás actividades complementarias e extraescolares na formación do alumnado. O CENTRO terá como marca propia potenciar as sinaladas actividades e asemade potenciar a cultura da participación coas diversas institucións do Concello de Noia, provinciais e autonómicas, en proxectos e actividades relacionados coa educación, promovendo e motivando para o respecto e coidado da contorna (centro, concello, natureza ...).

4.1. PLURILINGÜISMO

Pola realidade sociolingüística das familias que dependen do Centro, así como pola contorna no que convive, compre sinalar que a lingua maioritaria *de uso xeral* é a **Lingua Galega**. Para o IES, como centro educativo que serve á sociedade no contexto no que se desenvolve, de acordo coa súa identidade, é de suma importancia o coñecemento da lingua, dos usos e costumes da súa contorna e das súas familias. O noso Centro recolle alumnado no que a meirande parte nas súas familias falan galego. Tendo presente esta realidade, o ensino en xeral, e o público en particular, debe ter como lingua de referencia e lingua vehicular e de coñecemento a galega.

Será precisa a concienciación de toda a Comunidade Educativa na necesidade de empregar a lingua galega por ser a lingua propia da contorna.

Asemade, somos parte dunha sociedade ampla e rica culturalmente, parte dun Estado plurilingüe, e parte dunha unión política a nivel europeo. Contamos con outra lingua estatal de comunicación de ampla proxección, o **Castelán**, polo que no remate da escolaridade, o alumnado deberá ter unha correcta competencia oral e escrita de ambas as dúas linguas oficiais: GALEGO e CASTELÁN.

Debemos sinalar, respecto do alumnado comunitario ou estranxeiro que veña, que contará con medidas de reforzo para que poidan aprender a comunicárense nas dúas linguas, galego e castelán.

De acordo coa lexislación vixente, co fin de acadar a normalización do idioma galego, procurarase que sexa a lingua de uso normal no centro, e o idioma vehicular de coñecemento, empregado nas distintas actividades educativas e formativas.

Como valor lingüístico engadido, o IES Campo de San Alberto ten unha ampla tradición en proxectos de seccións bilingües en **Inglés** con clases en contextos CLIL dende hai 20 anos ofertadas dende diversos departamentos didácticos na ESO e BACHARELATO.

Co obxecto de estender o Programa de Plurilingüismo á etapa postobrigatoria do bacharelato e mellorar a calidade educativa para o noso alumnado, no curso 2017-2018, o noso centro foi admitido e autorizado para a ofertar e impartir o Programa PLURIBACH (bacharelato de especialización en idiomas). A certificación deste bacharelato outorga ao noso alumnado un valor enriquecedor á súa formación.

4.2. CALIDADE EDUCATIVA. PRINCIPIOS XERAIS METODOLÓXICOS

O centro seguirá desenvolvendo metodoloxías para adquisición do espírito crítico, da capacidade de discusión e de decisión e actitude participativa, asumindo a diversidade de ritmos evolutivos e de capacidades intelectuais do alumnado, incidindo na formación humana como na adquisición de técnicas e contidos básicos necesarios para a integración na vida social e laboral adulta.

A investigación, a adquisición de coñecementos e a sistematización científica, *estimularanse* co obxectivo de acadar un fin práctico, evitando a desconexión entre práctica e teoría. A orde e a auto disciplina, necesarias para acadar este obxectivo, fundamentaranse no respecto mutuo, no diálogo construtivo, a reflexión crítica e a colaboración asumida.

O IES avoga por propostas metodolóxicas que se deseñen e implementen cos seguintes principios:

- Participación activa do alumnado na súa formación.
- Fomento das capacidades de crítica, autocrítica, autonomía, así como da investigación, innovación e comunicación.
- Estímulo da capacidade creativa na a expresión dos propios coñecementos e sensibilidades.
- Educación integral, máis alá do académico (hábitos saudables, deporte, respecto pola natureza...).
- Funcionalidade na transmisión de coñecementos, habilidades e valores que sirvan para a formación global e a incorporación á sociedade.
- Atención á diversidade de capacidades e personalidades do alumnado.
- Avaliación dos procesos da tarefa docente.

4.3. CONVIVENCIA, PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

O marco democrático de solidariedade, tolerancia e respecto á personalidade e convicciónns de todos os que conformamos a Comunidade educativa, e a estrutura previa para desenvolver os procesos da Educación e acadar a convivencia.

O persoal do centro en xeral e o profesorado en particular deberán detectar, frear e corrixir calquera acto de violencia, *verbal, xestual, de agresión física ou psicolóxica por razón de sexo, relixión, clase ou grupo social, raza, ou orientación sexual*.

Favorécese o diálogo e a negociación para a resolución de conflitos, e promover actitudes integradoras.

O centro é garante da liberdade de expresión e opinión de todos os membros da comunidade educativa, dentro do marco democrático, de acordo coa lexislación e normas internas.

O IES impulsará e promoverá os valores esenciais de convivencia das sociedades democráticas avanzadas:

- Respecto ao dereito de todas as persoas de manter e manifestar os seus puntos de vista individuais.
- A igualdade de grupos e sexos e o respecto pola identidade cultural e lingüística.
- Actitudes de tolerancia e diálogo como vías para a convivencia pacífica.
- Comportamento democrático como norma de conduta.
- Debate entre posturas diferentes como instrumento de coñecemento da realidade e como medio para a toma responsable de decisións.
- Divulgación ampla as normas de comportamento que figuran no Plan de Convivencia.

O **Plan de Convivencia** do IES Campo de San Alberto permítenos un marco de reflexión e actuación ante os problemas relacionados coa convivencia no día a día a través da análise de casos e situacións, a reformulación de protocolos, a súa posta en práctica e os reaxustes realizados en función dos resultados.

Neste senso, temos moi claro que necesitamos vivir en convivencia; non queremos utilizar os protocolos e outras actividades propostas con ningún outro fin que non sexa convivir. Pensamos que partir desta premisa evita que utilicemos os instrumentos de convivencia como medio para manter un ambiente "en orde". A convivencia leva o conflito: non se trata de evitar o conflito senón de aprender a xestionar as situacións que nos sacan da nosa zona de confort, a xestionar as nosas emocións. Trátase de utilizar o conflito, inevitable en convivencia, como fonte de aprendizaxe para axudar a construír persoas que razoan, non persoas que acatan a razón do máis forte. Para iso debemos formarnos toda a comunidade educativa (en especial alumnado e profesorado) en habilidades sociais.

Así mesmo, ante o incumprimento das normas, a vía de actuación baséase na análise das consecuencias, a reparación do dano e a reeducación; as medidas exclusivamente punitivas non teñen o valor educativo que pensamos que é imprescindible na formación do noso alumnado.

Por outra banda contrastamos, coa experiencia dentro da aula, a relación directamente proporcional entre o rendemento académico e a convivencia positiva (o que inclúe ter en conta unha perspectiva comunitaria da convivencia: vivimos xuntos, crecemos xuntos, aprendemos xuntos). Consideramos que este tipo de convivencia que propoñemos debe sustentarse no respecto mutuo, a participación

e, por suposto, a non violencia, onde as persoas que dirixen a actividade educativa sexan respectadas pola súa autoridade ética, non polo seu poder.

4.4. IGUALDADE E COEDUCACIÓN

O IES constata que, na sociedade actual, a igualdade efectiva entre os sexos é un fin a acadar; actuando en consecuencia, a meta será a eliminación dos comportamentos e manifestacións de carácter sexista. Favoreceranse as condicións materiais axeitadas para mellorar a convivencia entre os distintos sexos.

Nas programacións, o contido das distintas materias, terá presencia dar luz a unha igualdade real e solidariedade entre sexos.

A coeducación no Centro orientarase a actividades para fomentar a igualdade entre alumnas e alumnos e eliminando os estereotipos sociais implantados.

A educación será *para a igualdade*, sen discriminacións por razón de sexo, superando usos, costumes,mitos e tabús.

A actitude do profesorado, na convivencia escolar diaria, tentará de superar condutas que reproduzan os roles tradicionais a superar e esquecer do home e a muller, e empregar metodoloxías didácticas que proporcionen imaxes diversificadas e non tradicionais dun e doutro sexo.

Dende o curso 2019-2020 ofértase a materia de libre configuración autonómica *Coeducación para o Século XXI* en 1º de Bacharelato e a súa sección bilingüe en inglés co obxectivo de dar resposta a unha necesidade da educación en igualdade.

Durante o mesmo curso creouse o **Equipo de Igualdade do IES**, formado por alumnado de todos os niveis e profesorado diverso, que aúna esforzos e traballa na consecución do **Plan de Igualdade** do centro, partindo dunha análise da situación real e concreta da nosa comunidade educativa e fomentando actividades favorecedoras da igualdade e convivencia.

Como obxectivos coeducativos a acadar sinalamos:

- Promocionar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
- Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero
- Promocionar o respecto pola diversidade afectivo-sexual
- Previr, detectar e intervir en casos de LGTB fobia

Concretados nas seguintes medidas de actuación:

- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
- Xestión dos espazos, recursos e oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

4.5. COMUNIDADE DE APRENDIZAXE ABERTA. PROXECTOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E TRANSVERSAIS

A educación, como formación integral e formación en valores, debe *deseñar* eixos transversais en todas as áreas do currículo. O Centro, nos programas de actividades, vixiará a formación do seu alumnado baseada na *tolerancia, a educación para a saúde (sexual, drogo-dependencia, actividade física...), o consumo, a paz, o coidado do medio ambiente, o respecto aos dereitos humanos, a solidariedade, a igualdade entre mulleres e homes,* e especialmente *a*

prevención da violencia de xénero, e os valores, formas e actitudes que fan posible unha convivencia óptima.

O noso centro é un gran referente nacional e incluso europeo en Proxectos Internacionais Grundtvig na Educación de Adultos. Asemade, contamos con experiencias moi satisfactorias en Proxectos Comenius, Climántica, Plan Proxecta e diversas dinamizacións que promoven proxectos multidisciplinares como a Rede Solidaria ou a Revista Escolar. Todas estas excelentes experiencias educativas deben seguir sendo impulsadas e apoiadas, enmarcándoas e coordinándoas a través deste proxecto global de centro.

Pensamos que agora é o momento de dar un salto conxunto, que englobe a toda a comunidade educativa nun reto común: a creación da nosa Comunidade de Aprendizaxe.

- **Comunidade de Aprendizaxe Aberta sustentada en:**

1. Impulsar a Biblioteca Escolar como eixo motivador en toda a comunidade educativa, fomentando o desenvolvemento de actitudes de colaboración, participación e traballo colectivo, favorecendo así as relacións entre iguais e entre os distintos sectores da nosa comunidade de aprendizaxe.

2. Deseñar e planificar proxectos abertos, que propicien o desenvolvemento de actividades que enriquezan os currículos ordinarios de cada materia en calquera etapa educativa, partindo dos estándares coincidentes.

3. Animar a todos os membros da comunidade a implicarse voluntariamente, especialmente aos departamentos didácticos, profesorado e alumnado, pero non exclusivamente.

4. Promover o traballo colaborativo interetapa e entre departamentos, coa finalidade da implantación progresiva dun modelo de ensinanza multidisciplinar baseada no traballo por proxectos e tarefas.

5. Potenciar as TICs como un método eficaz de traballo colaborativo e coma unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento das competencias.

6. Facilitar a formación na ABP (Aprendizaxe Baseada en Proxectos) do profesorado que voluntariamente aposte por implicarse.

7. Planificación dos proxectos fundamentada en grupos de traballo estables, e concretada para o comezo de cada curso.

8. Propiciar, na medida do posible, a coincidencia horaria para o traballo do equipo docente implicado en cada proxecto.

9. Implicar a familias e contorna na nosa comunidade de aprendizaxe.

- **A Biblioteca como laboratorio creativo de aprendizaxe:**

A nosa biblioteca está integrada no proxecto PLAMBE, responsable da renovación das bibliotecas escolares, que promove o concepto de biblioteca como *laboratorio creativo de aprendizaxe.* Actualizarase o concepto de biblioteca escolar integrando competencias de Alfabetización mediática e informacional relacionadas co currículo da UNESCO AMI. Partindo desa base consideramos que se pode impulsar a ensinanza por proxectos propoñendo o emprego dos recursos e servizos da biblioteca escolar nas metodoloxías colaborativas. Pretendemos que chegue a ser un elemento integrador de actividades que poidan atanguer a varios departamentos, adxudicándolle un enfoque interdisciplinar.

A biblioteca pode ser unha terceira vía para revisar as nosas prácticas educativas e promover cambios organizativos para crear proxectos documentais interdisciplinares (PDI), necesarios para "aprender a aprender" durante toda a vida. Ao longo de varios cursos académicos traballouse interdisciplinarmente sobre os seguintes eixos:

- Curso 2017-18: PDI "O noso Mar"
- Curso 2018-19: "Axenda 2030: O Gran Desafío"
- Curso 2019-2020: "O Espírito Olímpico "

Ademais é un espazo fundamental para mellorar a convivencia, na que se deben incluír ás familias.

Liñas de actuación:

1. Cada novo curso académico propoñer desde a biblioteca un eixe pedagóxico (tema transversal de centro) que poida ser traballado desde distintas vertentes, favorecendo a interacción necesaria para desenvolver a aprendizaxe por proxectos.

2. Deseñar novas fórmulas de información e difusión das actividades e recursos da biblioteca, desenvolvendo iniciativas destinadas á implicación das familias e promovendo a celebración dunha semana de lectura en familia.

3. Incorporar aos distintos sectores da comunidade educativa para que amplíen a súa experiencia lectora. Por unha banda a través do programa de clubs de lectura e por outra deseñando programas específicos para grupos de risco que están desmotivados así como alumnado con necesidades educativas específicas co fin de conseguir unha biblioteca inclusiva para atender á diversidade. Neste sentido disporase dunha maior presenza de materiais adaptados ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais e deseñarase unha sinalización que facilite a comprensión tamén daquel alumnado que presente dificultades para a lectura.

4. Abrir en horario de tarde na medida do posible, para posibilitar o uso da biblioteca por parte do alumnado de ciclos formativos e adultos.

- **Proxectos e actividades complementarias e transversais:**

1. Seguindo a Orde do calendario escolar anual de Galicia (Artigo 8), dentro do noso proxecto educativo coordinaranse as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.

- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

2. Impulsar as múltiples experiencias de éxito que se veñen facendo ao longo dos anos no IES Campo de San Alberto dende as diferentes dinamizacións e departamentos: Intercambio con Canadá; Viaxes a París e Roma; Mes Cultural "Do Libro á Letras"; Revista escolar "Entrepontes"; Día da Ciencia en galego; Mes da Muller, Deporte Escolar; Teatro; Celebracións: Magosto, Entroido, Festival fin de curso, acto de graduación do alumnado de 2º Bacharelato...

3. Integrar toda esta ampla oferta de actividades no proxecto educativo común, en coordinación coas dinamizacións, en especial co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

4. Fomentar as actividades deportivas entre toda a comunidade educativa potenciando a tarde deportiva dos mércores e impulsando a participación do alumnado, do profesorado e das nais e pais.

5. Potenciar a autonomía e iniciativa do alumnado e profesorado nas diferentes propostas.

6. Crear un calendario anual para a coordinación, planificación e seguimento da oferta de actividades complementarias aloxado na web e na aula virtual do centro: datos de participación, datas e horarios, organización de grupos e publicidade de cada actividade.

4.6. MODALIDADE DE XESTIÓN DO CENTRO

A Dirección do Centro, por medio dos órganos representativos, impulsará unha xestión participativa e democrática de todos os sectores da comunidade educativa. Favorecerá as relacións coas institucións da contorna.

Fomentaranse as asociacións de alumnas e alumnos coa finalidade de favorecer o *exercicio da práctica do sistema democrático (eleccións, representación, programa), o respecto ao pluralismo e aos valores democráticos.*

A xestión do centro, de acordo coas directrices da Dirección e o Consello Escolar, deberá ser participativa e democrática:

Será proactiva nos procesos de participación, información, consulta e decisión que impliquen e responsabilicen a asociación de nais e pais, profesorado, alumnado e persoal non docente. As redes sociais serán un instrumento.

Fomentarase as relacións entre os colectivos da comunidade escolar.

Incidirá na participación de todos na consecución dos obxectivos comúns e a súa identificación co proxecto educativo.

5. ESTRUTURA ORGANIZATIVA E DINAMIZACIÓNS

5.1. ORGANIGRAMA



* Normativa que regula as funcións dos órganos de goberno nos IES: LOMCE e Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

5.2. COORDINACIÓN DOCENTE E DINAMIZACIÓNS

- Comisión de Coordinación Pedagóxica

A Comisión de Coordinación Pedagóxica(CCP) é o órgano colexiado que coordina o ensino do Centro. É un órgano e a peza fundamental e determinante no procedemento de toma de decisións no IES Campo de San Alberto. Coordina as labores docentes do profesorado, dos ciclos, das titorías e especialistas, das actividades lectivas: docentes, complementarias, extraescolares...

Nela coordínanse as tarefas académicas e lectivas do centro.

A CCP está integrada polo director/a, que a preside, o xefe ou xefa de estudos do Réxime Ordinario, o xefe/a de estudos de Adultos, os xefes/as de departamento, a coordinadora do equipo de normalización lingüística, o profesorado de apoio a alumnado con necesidades educativas especiais, a coordinadora de formación en centros de traballo, a coordinadora da dinamización da biblioteca e a coordinadora de dinamización de Programas Europeos. Actúa como secretaria ou secretario da comisión, un membro designado polo director/a, oídos os restantes membros.

A CCP é o órgano de debate dos asuntos pedagóxicos; os temas discutidos achéganse posteriormente aos Departamentos para a súa análise. As súas propostas elévanse ao Claustro e Consello Escolar para a súa aprobación, se procede. O funcionamento deste órgano posibilita a participación de todo o profesorado na *discusión, análise e toma de decisións* nos distintos temas tratados.

Equipo Directivo → CCP ↔ Departamentos Didácticos → Claustro → Consello Escolar

A CCP ten as seguintes competencias de acordo co Decreto 324/1996, do 26 de xullo:

a) Elevar propostas ao claustro co fin de estabelecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.

b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluirá o plano de orientación académica e profesional e o plano de acción titorial se realice conforme os criterios estabelecidos polo claustro.

c) Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do instituto, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

c) Estabelecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plano de orientación académica e profesional, do plano de acción titorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular e de garantía social, incluídos no proxecto curricular.

d) Proporlle ao claustro de profesorado os proxectos curriculares para a súa aprobación.

e) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.

f) Proporlle ao claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.

g) Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado cara ó Centro de Formación Continua do Profesorado.

h) Proporlle ao director/a os profesorado titor que ha formar parte do departamento de orientación.

i) Realizar, de se o caso, a proposta ó xefe ou xefa de estudos co fin de que se designe o responsable do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

l) Propor os profesores e profesoras que han formar parte do equipo de normalización lingüística.

Departamentos Didácticos

Atendendo a lexislación vixente, mentres non se lexisle nun novo decreto, de acordo co *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, Capítulo IV Departamentos didácticos* , arts. 71 e seguintes, se di:

Os departamentos didácticos (DD) son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas, materias ou módulos profesionais correspondentes, e as actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias.

Os DD están compostos por todos os profesores e profesoras que impartan o ensino propio das áreas, materias ou módulos profesionais asignados ao departamento.

Cando nun departamento se integren profesores e profesoras de máis dunha das especialidades establecidas, a programación e impartición das áreas, materias ou módulos de cada especialidade corresponderalles ao profesorado respectivo.

É competencia dos Departamentos Didácticos:

a) Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do proxecto educativo do instituto e a programación xeral anual.

b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa.

c) Elaborar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas, materias e módulos integrados no departamento, baixo a coordinación e dirección do seu xefe ou xefa, e de acordo coas directrices xerais estabelecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

d) Promover a investigación educativa e propoñerlle ó xefe ou xefa de estudos actividades de perfeccionamento do profesorado.

e) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.

f) Colaborar co departamento de orientación na prevención e detección temperán de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos e alumnas que o precisen.

g) Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.

h) Organizar e realizar as probas necesarias para os alumnos e alumnas de bacharelato ou de ciclos formativos con materias ou módulos pendentes e, se é o caso, para os alumnos e alumnas libres.

i) Resolver as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os alumnos e alumnas lle formulen ó departamento e ditar os informes pertinentes.

j) Elaborar, a fin de curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos.

k) Propor materias optativas dependentes do departamento, que serán impartidas polos profesores ou profesoras do mesmo.

No *IES Campo de San Alberto* contamos cos seguintes Departamentos Didácticos:

- Departamento da Familia Profesional Administración e Xestión
- Departamento da Familia Profesional Sanidade
- Departamento da Familia Profesional Electricidade e Electrónica
- Coordinación de Formación en centros de traballo
- Departamento de Formación e Orientación Laboral
- Departamento de Xeografía e Historia
- Departamento de Relixión Católica
- Departamento de Ciencias Naturais
- Departamento de Educación Física e Deportiva
- Departamento de Educación Plástica e Visual
- Departamento de Filosofía
- Departamento de Física e Química
- Departamento de Francés
- Departamento de Matemáticas

- Departamento de Latín
- Departamento de Inglés
- Departamento de Lingua Castelá e Literatura
- Departamento de Lingua e Literatura Galega
- Departamento de Música
- Departamento de Orientación
- Departamento de Tecnoloxía
- Departamento de Grego
- Departamento de Economía

Cada DD terá o seu xefe ou xefa de departamento, designado polo director ou directora do IES e nomeado polo delegado/a provincial da Cª de Cultura, Educación e OU; desempeñará o seu cargo durante catro cursos académicos.

A xefatura de departamento a desempeña un profesor ou profesora do mesmo que estea en situación de servicio activo no corpo de catedráticos de bacharelato á entrada en vigor da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. No caso de que haxa máis dun, o director ou directora do centro, oído o departamento, nomeará un deles.

Para as disciplinas nas que non haxa funcionarios/as que reúnan os requisitos enunciados no parágrafo anterior desempeñará a xefatura de departamento un funcionario/a do corpo de profesorado de ensino secundario coa condición de catedrático/a adquirida. Cando nun departamento haxa máis dun profesor ou profesora coa condición de catedrático adquirida, a xefatura do mesmo será desempeñada polo profesor ou profesora coa condición de catedrático adquirida que designe o director ou directora, oído o departamento.

Cando non haxa ningún coa condición de catedrático a xefatura será desempeñada por funcionariado de carreira do corpo de profesorado de ensino secundario ou, se é o caso, do corpo de profesorado técnico de formación profesional, con destino definitivo no centro, que designe o director ou directora, a proposta do departamento.

As **competencias do xefe ou xefa de departamento** son:

a) Representar ao departamento na comisión de coordinación pedagóxica.

b) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.

c) Responsabilizarse da redacción da programación didáctica das áreas, materias ou módulos que se integran no departamento.

d) Dirixir e coordinar as actividades académicas do departamento.

e) Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fose preciso celebrar.

f) Responsabilizarse de que se levante acta de reunión do departamento e de que se elabore a memoria de final de curso.

g) Darlles a coñecer ós alumnos é alumnas a información relativa á programación, con especial referencia aos obxectivos, ós mínimos esixíbeis e ós criterios de avaliación, elaborados polo departamento.

h) Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para os alumnos e alumnas libres, alumnos e alumnas de bacharelato ou ciclos formativos con materias ou módulos profesionais pendentes, así como as probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudos. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.

i) Realizar o seguimento da programación didáctica do departamento, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.

j) Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ó seu departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elaborar os informes pertinentes.

k) Coordina-la organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do departamento.

l) Colaborar co secretario ou secretaria na elaboración e actualización do inventario do centro.

Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación do Centro é o *instrumento clave* de orientación e intervención educativa.

É un órgano interdisciplinar, integrado na vida cotiá do IES, que apoia o labor do Centro e do profesorado naquelas actuacións orientadas a asegurar a formación integral do alumnado e a adaptación dos procesos de aprendizaxe no alumnado de necesidades especiais.

A diversidade escolar é a mostra da diversidade social. Un sistema educativo de calidade -o noso-, deberá responder de xeito adecuado á diversidade do alumnado, contando cunha ferramenta fundamental: o Departamento de Orientación. A Orientación *impregna* o traballo educativo acotío; é consubstancial á función dos nosos profesionais docentes que interveñen no mesmo.

A existencia dun bo Departamento de Orientación achega un *valor engadido* que nos distingue e permítenos desenvolver, en toda a comunidade educativa, os *principios e valores acordes co noso Ideario*.

A nosa tarefa orientadora está ao servizo da educación, non da rehabilitación de patoloxías e/ou problemas clínicos; ditas doenzas precisan doutro tipo de profesionais.

Principais funcións:

- Detección precoz de posibles dificultades no ámbito educativo.
- Orientar a profesorado e alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Orientar e axudar ás familias ante dúbidas xurdidas en relación cos seus fillo.
- Traballar co alumnado que presente necesidades educativas especiais.
- Contribuír á *personalización* da educación, favorecendo o seu carácter integral.
- Avaliar, diagnosticar e derivar ás entidades competentes.
- Orientar ao alumnado no proceso de transición entre as diferentes etapas educativas, así como á adaptación das mesmas.
- O Enfoque da intervención do D. de Orientación, e de todos os seus membros, terá sempre unha formulación educativa.

A Consellería de Educación e OU, na súa *ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998*, no seu art.5º, sinala as funcións do Departamento de Orientación:

"Son competencia do departamento de orientación dos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados as funcións seguintes:

a) Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.

b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesora do soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

c) Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.

e) Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

f) Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

g) Informa-lo alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñe-la realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.

h) Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.

i) Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

l) Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do auto-concepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

m) Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

n) Nos institutos onde se imparta formación profesional específica, coordina-la orientación laboral e profesional con outras administracións o institucións.

o) Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións."

Na mesma Orde, no seu artigo 6º, sinálanse as **funcións da xefatura do departamento**:

"1. A xefatura dos departamentos de orientación terá as seguintes funcións:

a) Representa-lo departamento na comisión de coordinación pedagóxica.

b) Dirixir e coordina-las actividades e actuacións propias do departamento e facilita-la colaboración entre os seus membros.

c) Responsabilizarse da redacción do plan anual do departamento e velar polo seu cumprimento; así como da elaboración e redacción da memoria final de curso.

d) Convocar e presidi-las reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.

e) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.

f) Coordina-la organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.

g) Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas do seu centro e, se é o caso, as dos centros que lle sexan adscritos, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración do informe psicopedagóxico.

h) Coordina-las accións dos profesores de apoio na atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudios, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

i) Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.

l) Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

2. A participación do xefe do departamento de orientación nas sesións de avaliación responderá ás súas competencias de asesoramento e apoio ó profesorado e asistirá a elas con voz e sen voto."

Titorías

Na páxina Web da Consellería, (Web Xunta/Cª Educación/Orientación/Acción titorial), sinálase:

"A acción titorial está intrinsecamente vinculada á función docente. A titoría convértese no eixo da función orientadora, ao entender a orientación como o acompañamento e o asesoramento do alumnado ao longo do período escolar como un proceso continuo e dirixido ao desenvolvemento integral de todo o alumnado e a todos os niveis".

Atendendo a lexislación vixente, mentres non se elabore o novo decreto que desenvolva a LOCE/LOMCE, de acordo co *Decreto 324/1996, do 26 de xullo* os arts. 58 e seguintes, desenvolven a acción titorial.

Segundo o decreto sinalado, a titoría e orientación do alumnado formará parte da función docente. A función titorial e orientadora do alumnado desenvolverase ó longo de tódalas etapas e ciclos formativos.

No IES Campo de San Alberto haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnado. O titor ou titora será designado polo director/a, a proposta da xefa de estudos, oída a xefa do departamento de orientación, entre os profesores e profesoras que impartan docencia a todo o grupo.

Na mesma norma, art. 59, se nos di que cada profesor/a titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará as seguintes funcións:

a) Participar no desenvolvemento do plano de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudios e en colaboración co departamento de orientación.

b) Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendarioescolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

c) Coñece-las características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expedientepersoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidadesespeciais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.

g) Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.

h) Orienta-lo alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

i) Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

j) Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.

k) Organizar e presidi-las sesións de avaliación do seu grupo.

l) Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

m) Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudios.

n) Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectoseducativo e curricular do centro.

ñ) Orienta-las demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

o) Informar ó alumnado do grupo, ós pais e nais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

p) Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.

q) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.

r) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnado.

s) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados os pais e nais ou titores e o xefe ou xefa de estudios.

t) Implica-las familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

u) Atender, xunto co resto de profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer."

A normativa tamén indica que no caso dos ciclos formativos de formación profesional, o titor ou titora asumirá tamén, respecto ó módulo de formación en centros de traballo, as seguintes funcións:

"a) Elabora-lo programa formativo do módulo, en colaboración co responsable *designado para estes efectos polo centro de traballo.*

b) Avalia-lo módulo, tendo en conta o informe do responsable designado por parte do centro de traballo sobre as actividades realizadas polos alumnos e alumnas durante o período de estadía nese centro.

c) Manter contactos periódicos co responsable designado polo centro de traballo, co fin de contribuír a que o programa de formación se axuste á cualificación que se pretende.

d) Atender no centro educativo os problemas de aprendizaxe que presente o seu grupo de alumnos e alumnas e valorar de xeito continuado as actividades correspondentes ó programa de formación.

e) Informar sobre as peticións de validacións ou exencións formuladas polo alumnado do ciclo formativo.

f) Tramitar para o seu grupo de alumnos e alumnas a documentaciónrelativa á formación en centros de traballo.

g) Axudar ó departamento na identificación da necesidade de colaboración de expertos, así como no calendario de intervención.

h) Propoñer, para a súa aprobación polo Consello Escolar, a distribución da asignacióneconómica destinada a estas ensinanzas.

i) Informar á dirección do centro de todo o referente ó ciclo formativo.

j) Redacta-la memoria final de curso, que se incluirá na memoria de centro."

Será tarefa da xefatura de estudios coordinar o traballo dos titores e titoras e manter as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial.

O coordinador/a de formación en centros de traballo coordinará os titores de ciclos formativos e programas de garantía social naqueles aspectos que lle son propios, para o que manterá as reunións periódicas necesarias con eles.

O profesorado titor debe desenvolver e aplicar o **Plan de Acción Titorial**, do que se informa a principio de curso a toda a comunidade educativa e que deberá incluír os seguintes temas: *acollida, integración e participación do grupo, normas de convivencia e de funcionamento, estratexias de estudo, proceso de avaliación e orientación académica e profesional.*

Será tamén tarefa do/a Titor/a coordinar unha reunión da **Xunta de Equipo Docente** durante o primeiro mes de curso e reunir a Xunta de Equipo Docente en caso de necesidades específicas: programa de integración, conflitos, etc.

O profesorado que desempeña a titoría debe coordinar a avaliación do grupo e desenvolver as seguintes actividades relacionadas coas funcións:

- Manter reunións cos alumnado previas e logo das sesións de avaliación que preside e completar a documentación.
- Facilitar a integración e fomentar a participación do alumnado: Entrevistas persoais ou en pequenos grupos.
- Orientación das saídas académicas e profesionais coordinada co departamento de orientación.
- Recibir as demandas do grupo encarriladas a través dos delegados/as e mediar ante o profesorado e dirección nos problemas que se susciten.
- Ter voz nas decisións que supoñen suspensión do dereito de asistencia a clase -con ou sen expediente- e nas reunións da comisión de convivencia que afecten ao grupo.
- Trasladar as suxestións do grupo.
- Informar aos pais/nais e aos alumnos/as en relación coas actividades docentes e o rendemento académico. Organizarase a reunión inicial a comezo do curso cos pais/nais do grupo co obxectivo de informar sobre horarios, control de faltas, normas de convivencia, horas de titoría, etc.
- Manter reunións con pais/nais en casos necesarios, a xuízo da xefatura de estudos ou da maioría de Profesorado do grupo e recibir visitas dos pais/nais dentro do seu horario.
- Controlar os xustificantes das faltas de asistencia e reflectilos na aplicación XADE. Imprimir o boletín de faltas e envialo aos pais/nais dos alumnos/as.
- Entregar trimestralmente o boletín de cualificacións e recollelo asinado polos pais/nais.
- Conservar o material educativo anterior do grupo.
- Presidir as xuntas extraordinarias de avaliación en caso de reclamacións, así como recibir información do resultado das mesmas.
- Nos Ciclos Formativos, o titor ou titora responsabilízase de organizar o período de Formación en Centros de Traballo, elaborar o programa formativo, realizar o seguimento,

tanto na empresa como nas sesións presenciais no Centro e a avaliación deste período formativo.

Coordinación Formación en Centros de Traballo

A programación e desenvolvemento da Formación en Centros de Traballo ou FCT na Formación Profesional , segue a normativa en vigor, *a Orde de 28 de Febreiro de 2007.*

O módulo ten a mesma estrutura que o resto dos módulos dos ciclos (capacidades, contidos, criterios de avaliación), coa diferenza que se desenvolve en empresas, nun ámbito produtivo real, onde os alumnos poden observar e desempeñar as actividades propias dos distintos postos de traballo, do perfil profesional correspondente e da organización dos procesos produtivos.

O módulo profesional de FCT, é un bloque coherente de formación específica; os obxectivos están constituídos por un conxunto de capacidades terminais elementais, que orientan as actividades formativas de referencia que constitúen os contidos que o alumnado debe realizar nun centro de traballo. É obrigatorio en todos os ciclos e desenvolverase procurando aplicar as competencias profesionais adquiridas no IES complementándoas coas previamente identificadas nas actividades produtivas do centro de traballo.

A realización da FCT require a colaboración estreita entre o IES e as empresas, formalizada mediante un Convenio entre ambas institucións. Neste convenio, ambas as entidades comprométense a:

a) Designar o/a responsábel por parte da empresa e o titor ou titora do centro educativo, para o adecuado seguimento e posterior avaliación do alumnado.

b) Acordar un programa formativo coas actividades que fará o alumnado na empresa.

A finalidade da organización deste programa de FCT é a de permitirlle ao alumnado completar as competencias e capacidades que se lles pedían cando comezaron os estudos e así obter o aprobado total no ciclo, e favorecer a súa inserción no mundo laboral no sector profesional correspondente .

Obxectivos do módulo da FCT:

- Observar e desenvolver as actividades e funcións propias da profesión do alumnado, de xeito real, mediante a formación que se realiza na empresa.
- Coñecer a organización dos procesos produtivos ou de servizos e a realidade cotiá das relacións laborais.

En todo momento, o alumnado está orientado e asesorado polos responsábeis designados a tal fin pola empresa e polos titores/as do centro educativo. Deste modo, aumenta a implicación empresarial na formación do alumnado.

O IES conta cun/ha profesor/a Coordinador/a da FCT e á súa vez cada grupo dos ciclos conta cun titor/a de FCT.

A persoa coordinadora de formación FCT coordinará ás persoas encargadas das titorías dos ciclos naqueles aspectos que lle son propios e manterá reunións periódicas.

Coordinación de FCT e funcións xerais dos implicados:

Dentro das funcións máis importantes desta coordinación, estarían as de busca de empresas, sinatura de convenios de colaboración con empresas, elaboración de toda a documentación relativa a FCT, participar no seguimento da FCT, solicitude axudas, resolver solicitudes de exención, ...

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na súa *Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia;* no seu texto normativo sinala as funcións e tarefas na xestión da FCT:

"1. O director ou a directora do centro educativo.

a) Acreditar ante a delegación provincial correspondente a existencia de convenios que garantan a realización da FCT do alumnado matriculado nos ciclos formativos.

b) Asinar os convenios específicos de colaboración coas empresas e asumir a responsabilidade da súa execución.

c) Certificar os documentos acreditativos da realización da FCT.

d) Promover as relacións cos centros de traballo para a formación do alumnado e a súa inserción profesional.

2. O coordinador ou a coordinadora da FCT.

a) Supervisar e dirixir o programa de FCT.

b) Encargarse, por delegación da dirección do centro, das relacións coas empresas ou institucións que poidan estar interesadas no programa.

c) Controlar, supervisar e valorar as actividades levadas a cabo polas persoas responsables da titoría dos ciclos formativos e programas de garantía social, para o que convocarán, polo menos, unha reunión mensual con eles.

d) Elaborar os convenios de colaboración.

e) Difundir o programa formativo a nivel interno e externo.

f) Procurar e seleccionar empresas co apoio do profesor titor ou a profesora titora, e tramitar toda a documentación relativa ás axudas económicas que proceda respecto á FCT, a través da dirección do centro.

g) Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

3. O titor ou a titora responsables da FCT.

a) Elaborar o programa formativo do módulo, en colaboración coa persoa responsable do centro de traballo.

b) Avaliar e cualificar o módulo de FCT tendo en conta o informe presentado pola persoa responsable do centro de traballo sobre as actividades realizadas polo alumnado.

c) Manter contactos periódicos coa persoa responsable do centro de traballo, co fin de contribuír a que o programa de formación se axuste á cualificación que se pretenda para cada ciclo.

d) Atender no centro educativo aos problemas de aprendizaxe que presente o seu alumnado e valorar de xeito continuado as actividades correspondentes ao programa formativo.

e) Informar sobre as peticións de validacións e de exencións formuladas polo alumnado do ciclo formativo.

f) Informar o seu alumnado do programa formativo de FCT que vai realizar en cada empresa, e de todo o relacionado coas condicións e as características da súa realización, os aspectos, as condicións e os criterios de avaliación do citado módulo.

Empresas colaboradoras de FCT:

O centro ten asinado convenio de colaboración para a realización da FCT cun total de 123 empresas e entidades privadas ou públicas. En función das necesidades do alumnado, asinaranse, previa autorización da Consellería, novos convenios de colaboración.

A selección das empresas onde irá o alumnado, corresponderalle o coordinador de FCT, tendo en conta as preferencias do alumnado (non vinculantes) , as suxestións dos titores dos ciclos e a idoneidade de medios e recursos das empresas para a consecución das finalidades establecidas nos currículos.

Tamén se valoran os antecedentes das empresas e a posibilidade de incorporación do alumnado ao persoal das mesmas unha vez finalizada a FCT.

Outras actividades da coordinación:

Dentro das actividades de coordinación de FCT, xestionarase a solicitude de axudas para alumnado que cada ano convoca a Consellería de Educación. As axudas -contía determinada na Orde-, proceden do Fondo Social Europeo e da Xunta de Galicia, e estarán dedicadas a financiar o desprazamento do alumnado.

Como función ou tarefa do coordinador de FCT e das titorías, é a busca de empresas e sinatura dos convenios de colaboración.

Ademais realizarase un seguimento do alumnado nas empresas.

Memoria da FCT:

Ao final de cada curso académico, rematada a FCT, elaborarase unha memoria con toda a información relativa ó desenvolvemento da mesma. Asemade faranse observacións e propostas de mellora ou cambio para o curso seguinte.

- Equipo Dinamización de Biblioteca

A *orde do 17 de xullo de 2007 (DOG de 24/07/2007*) no seu artigo 9º define a dinamización de biblioteca.

"A biblioteca escolar é un recurso educativo imprescindible para a consecución dos obxectivos educativos en todas as áreas. Facilita o acceso aos recursos informativos e culturais necesarios nos procesos de ensino e aprendizaxe, favorece un uso contextualizado das tecnoloxías da comunicación e da información e resulta imprescindible para a capacitación e o fomento da lectura, de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes."

Os centros educativos poden xogar un papel esencial no fomento de actitudes positivas entorno ao libro e á lectura propiciando actuacións a medio e longo prazo. Recurso clave do centro é a BIBLIOTECA que impulsa actividades de fomento da lectura e a escritura co apoio do profesorado de distintas áreas.

A incorporación da lectura e a utilización dos recursos da biblioteca están entre os obxectivos das materias curriculares de todas as áreas.

Polo nivel cultural da entorna familiar do centro, medio-baixo, consideramos importante fomentar a lectura ao ámbito familiar.

O Equipo de Dinamización da Biblioteca pretende desenvolver no alumnado o gusto pola lectura e a participación nas actividades propostas, incorporando novos usuarios e usuarias.

Trabállase na implantación do Proxecto Lector de Centro e na actualización do proxecto actual.

Dende a estrutura do centro, o traballo do EDB céntrase en tres **liñas fundamentais de actuación** que se resumen a continuación:

1.-Organización e xestión técnica: adquisición, revisión e catalogación dos fondos bibliotecarios e audiovisuais; organizar e actualizar a biblioteca.

2.-Formación de usuarios/as e educación documental: elaboración de material para dinamización e formación de usuarios, guías de uso da biblioteca e guías deformación de colaboradores. Programación e deseño de actividades periódicas para adquisición de habilidades para a busca e tratamento da información.

3.- Actividades de fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector. O equipo de biblioteca leva a cabo actividades de carácter anual . Visitas periódicas de autores e autoras e as diversas charlas. Se desenvolven, ao longo do curso, actividades relacionadas con datas significativas dentro do calendario anual do libro e a lectura.

Equipo da Biblioteca:

De acordo coa lexislación vixente, no IES funciona un Equipo da Biblioteca. Segundo figura nas *instrucións en relación coa Biblioteca Escolar para o curso 2013/2014 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,* débense ter en conta os seguintes principios:

Cómpre garantir estabilidade e adecuación do equipo de apoio e da persoa responsable da biblioteca que o coordina.

A designación como responsable de biblioteca recaerá preferentemente en profesorado definitivo no centro

A distribución horaria debe facerse de forma xusta e axeitada ás necesidades deste importante instrumento educativo ao servizo do centro.

Non resulta procedente equiparar unha sesión de garda na biblioteca, realizada por integrantes do equipo ou pola persoa responsable, a outro tipo de gardas.

Tal e como recolle a *orde do 17 de xullo de 2007 (DOG de 24/07/2007), no seu artigo 10º,* son **funcións da dinamización da Biblioteca**, en colaboración co profesorado de apoio, as seguintes:

- *Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.*
- *Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.*
- *Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).*
- *Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar a súas suxestións.*
- *Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.*
- *Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.*
- *Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.*
- *Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.*
- *Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.*
- *Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares."*

Organización, Funcionamento e Profesorado da Biblioteca:

A biblioteca: A biblioteca do centro concíbese como espazo educativo ao servizo dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

É un centro de recursos da información que pon á disposición da comunidade educativa os fondos documentais, en soporte impreso, audiovisual, multimedia ou electrónico.

En liñas xerais a organización e funcionamento é a que sigue:

- Na biblioteca centralízase todo o material informativo.
- A biblioteca acolle, organiza, facilita e difunde, os fondos existentes, para un uso eficaz destes.
- Presta diversos servizos: lectura en sala, préstamo, información, formación de usuarios, orientacións e materiais para a educación documental, actividades de fomento da lectura, acceso á internet... .
- Tódolos recursos documentais do centro son xestionados pola biblioteca central.

- O horario de funcionamento da biblioteca procura ser o máis amplo posible, dependendo da dispoñibilidade horaria do profesorado. Preténdese que estea aberta a totalidade do tempo lectivo.
- Inténtase facilitar o uso da biblioteca por parte do alumnado fóra do horario lectivo.

O equipo directivo do centro considera o funcionamento da biblioteca escolar como unha das necesidades organizativas do centro e, en consecuencia, se ten en conta esta circunstancia á hora da distribución horaria de cada curso.

O funcionamento e organización da Biblioteca depende da vicedirección.

O profesor/a responsable da biblioteca exerce a función de dinamizador/a da biblioteca, da que dependerá, tamén, o plan lector.

O responsable é designado pola dirección, garantindo estabilidade e bo funcionamento deste servizo. Tense en conta o interese, a idoneidade, a formación ou a experiencia neste ámbito, así como a dispoñibilidade horaria do profesorado.

As funcións de dinamización de biblioteca e plan lector poderán asignarse a dous profesores/as distintos por mor da complexidade das tarefas. Neste caso os profesores/as designados exercerán as súas funcións colexiadamente.

Cada curso constitúese un equipo de biblioteca formado por profesoras e profesores dos diferentes ciclos ou departamentos existentes no centro, que traballan en coordinación cos responsables da biblioteca para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas. A xefatura de estudos, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, prevé as necesidades da biblioteca á hora de elaborar os seus horarios, nos que queda recollida a súa participación neste servizo.

Este profesorado realiza a maior parte das gardas na biblioteca. De non resultar posible cubrir todo o horario de apertura con este profesorado complétase con profesorado que non son do equipo. O equipo de biblioteca reúnese unha vez á semana.

Constituirase unha COMISIÓN DE BIBLIOTECA NO CONSELLO ESCOLAR, formada por: un profesor/a, un pai/nai, un representante do concello, un representante da dirección; un representante de nais e pais e o responsable da biblioteca escolar, quen actuará como secretario/a.

A comisión reunirase unha vez cada trimestre, presidida polo/a vicedirector/a.

Funcións do responsable da biblioteca:

- Elaborar a programación anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro, e unha memoria final.
- Colaborar co deseño e posta en práctica do Proxecto lector de centro, coordinándoo, se é o caso.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Informar ao Claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto

co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

Funcións do profesorado do equipo de biblioteca:

- Apoiar ao responsable da biblioteca na súa organización e dinamización, cooperando co deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas
- Asegurar a organización, funcionamento, mantemento e correcta utilización dos recursos documentais e da biblioteca do centro.
- Atender aos usuarios facilitándolles o acceso ás diferentes fontes de información e orientándoos sobre a súa utilización.
- Recoller e analizar as propostas de adquisición de equipamentos, novos materiais e fondos documentais segundo o orzamento asignado polo Consello Escolar. Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e do alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar co desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.
- Organizar e colaborar no servizo de préstamo.
- Organizar, participar e supervisar as tarefas relativas ao tratamento do fondo documental: catalogación, informatización, etiquetaxe, reparación, etc.

Funcións do profesorado que fai gardas na biblioteca:

- Supervisar e manter a orde e o silencio no recinto. Velar polo uso correcto dos medios e fondos. Abrir e pechar a biblioteca.
- Lembrar aos usuarios e usuarias que non se pode comer nin beber na biblioteca.
- Atender o servizo de préstamo.
- Informar e orientar aos usuarios e usuarias. Manter a orde dos documentos nas diferentes seccións.

Funcións da comisión de biblioteca:

- Analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas a infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar.
- Realizar propostas ao Consello Escolar para as melloras necesarias.
- Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando as necesarias colaboracións e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.
- Propor estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.
- Promover actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.
- Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao Consello Escolar.
- Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do contorno do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e os seus obxectivos.

Obxectivos da biblioteca:

- Apoiar os procesos de ensino e de aprendizaxe.
- Colaborar na aprendizaxe autónoma.

- Adquirir coñecemento dos distintos soportes documentais.
- Educar no acceso á información: educación documental.
- Integrar as tecnoloxías da comunicación e da información na recollida e tratamento dela, e na selección de lecturas.
- Crear e consolidar hábitos de lectura e de escritura.
- Lograr o tratamento da lectura comprensiva en tódalas áreas curriculares.
- Acadar o acceso igualitario aos recursos culturais.
- Acercar a educación a unha vivencia saudable do tempo de lecer.
- Apoiar ao alumnado con necesidades educativas específicas.
- Ofertar un espazo de lectura, traballos, visionado audiovisual, con acceso a internet e xogos educativos e formativos.
- Facilitar e promover o compromiso social e a cidadanía activa a través da participación no voluntariado da Biblioteca.

Equipo Dinamización da Lingua Galega

O EDLG considera que no IES predomina o alumnado procedente dunha comarca de predominio do galego, polo que estima que o ensino debe ter como lingua vehicular a galega. Matricúlanse alumnos e alumnas de distinta procedencia xeográfica. Temos alumnado que procede do entorno urbano de Noia pero tamén veñen de concellos limítrofes, especialmente no Bacharelato, como son Mazaricos, Zas, Muros, Coristanco, Outes e Lousame. Contamos con pouco alumnado inmigrante e que ten coñecementos de galego.

A realidade lingüística é diglósica con tendencia ao uso do castelán como lingua de relación canto maior é o núcleo urbano, especialmente en Noia, aínda que *sen belixerancia* cara o galego. No alumnado do resto dos concellos da contorna apréciase un uso máis normal e espontáneo do galego.

Será preciso motivar e concienciar ao profesorado da necesidade de empregar a lingua máis falada é propia da contorna social do centro.

A pretensión e obxectivo principal é ir cara un maior uso da lingua galega nas diferentes materias, superar prexuízos lingüísticos e motivar ao alumnado e profesorado para que empregue o galego acotío; velarase que as comunicacións coa comunidade educativa e coa administración sexan en galego.

O Departamento de dinamización lingüística (DDL), a súa constitución e as súas funcións están reguladas no *Decreto 120/1998 do 23de abril (DOG 27 de abril de 1998) e na Orde de 24 de xullo de1998 (DOG 31 de xullo 1998),O decreto 124/2007 do 28 de xuño, e o Decreto 79/2010 de 20 de maio (DOG 25 de maio de 2010)*.

Constitución do Equipo de Normalización Dinamización Lingüística (ENDL):

O decreto *124/2007 do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo* no seu artigo 18 sobre os *Equipos de normalización e dinamización lingüística* nos di:

"1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria constituirase un equipo de normalización e dinamización lingüística, que actuará baixo a supervisión da dirección do centro e que estará formado por profesorado, por representantes do alumnado, agás no ensino infantil e primario, e do persoal non docente.

2. Os membros do equipo serán designados pola dirección do centro do seguinte xeito:

a) O profesorado, por proposta do claustro de profesores.

b) O alumnado, por proposta das súas asociacións máis representativas.

c) O persoal non docente, por proposta deste persoal.

3. A composición do equipo de normalización e dinamización lingüística para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

4. Os equipos de normalización e dinamización lingüística deberán ter un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de normalización lingüística nos centros educativos, tal e como se prevé no Plan xeral de normalización da lingua galega.

5. Os equipos de normalización lingüística contarán co apoio técnico necesario e os centros terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego."

O Decreto*79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia,*en relación co *decreto 124/2007 do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*(no seu artigo 18), establece no seu artigo 15, o seguinte:

"Equipos de dinamización da lingua galega.

Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado (agás no ensino infantil e primario) e por persoal non docente.

A composición do equipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego."

De acordo con este decreto, constituíuse no Centro o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística ENDL. O ENDL ábrese á colaboración de toda a Comunidade Educativa para contribuír no proceso de dinamización.

O ENDL, segundo a normativa, vai desenvolver un activo labor de **dinamización tendente a:**

- Fomentar a presenza oral e escrita do galego no IES. Galeguización da actividade administrativa e apoio nas dúbidas sobre a corrección lingüística dos documentos administrativos do centro.
- Colaboración do ENDL ás asociacións do Centro, aos colectivos e persoas da Comunidade Educativa para desenvolver a súa actividade en galego.
- Promover a reflexión e participación do alumnado sobre diversos aspectos da vida cidadá, social e cultural mediante distintas actividades programadas.
- Fomentar a creación de grupos de teatro, deportivos, musicais, ... que desenvolvan a súa actividade en galego, presentando a súas realizacións en certames intercentros ou festivais do IES en datas como Nadal, Entroido, ...
- Colaborar nas actividades extraescolares do IES facilitando contextos de relación coa entorna que mostren o emprego vivo da lingua: visitas, excursións, .etc, de interese lingüístico e contribúan á visibilidade do galego.
- Divulgar no Centro o material didáctico ou de apoio en galego do mercado, dando especial importancia ao relacionado coas TICS.
- Informar da normativa legal que regula o uso do galego.

Funcións do ENDL:

- O ENDL céntrase, funcionalmente, no labor de deseñar e pór en práctica un PROGRAMA DE NORMALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO GALEGO.
- Será preciso coñecer previa e periodicamente o contexto sociolingüístico do IES: do alumnado e das súas familias, e da situación do profesorado e persoal do centro respecto do galego.

- Para a realización destas funcións e tarefas, o equipo debe contar con apoio e dotación económica da administración. Coas convocatorias de axudas anuais aos proxectos de fomento do uso do galego, trátase de cumprir coas actividades do proxecto.

Obxectivos do ENDL:

Os obxectivos da planificación lingüística do IES terán o fin derradeiro de crear un clima e situación favorable ao uso do galego e romper cos prexuízos do uso da lingua:

- Contorno sociolingüístico do centro: crear grupos de dinamización do galego (teatro, artesanais, deportivos, baile, musicais, ...).
- Profesorado: Promocionar e divulgar o material didáctico e de apoio en galego e o seu uso e aplicación nas TICS.
- Alumnado: Colaborar e facilitar nas actividades extraescolares contextos do emprego do galego, co obxectivo tamén de eliminar a idea de vincular o galego coas persoas maiores e o pouco uso pola mocidade. Seleccionar e divulgar as novas relativas á lingua galega; espallar noticias, dos *Mass Media*, nas que o galego é usado singularmente por persoas con ascendencia e influencia na mocidade (músicos, deportistas, científicos, ...) ou novas que informen de avances na mellora e prestixio social do galego.
- Situación lingüística do IES: Dar e facilitar información sobre o uso normativo do galego que solicite calquera membro da comunidade educativa. Dar apoio na revisión da documentación para a calidade lingüística óptima. Acadar unha boa colaboración do ENDL coa ANPA, coas asociacións de alumnas/os, ... e demais colectivos e persoas da comunidade educativa para desenvolver a súa actividade en galego.
- Lexislación: Velar polo cumprimento da lexislación en lingua galega, en concreto da CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*O Equipo e o Departamento de dinamización lingüística velará polo cumprimento da lexislación, en materia de emprego da lingua galega nas materias nas que son obrigatorias na ESO e nas que por decisión do claustro do profesorado forman parte das horas en bacharelato e ciclos formativos.

Dinamizacións

As actividades de dinamización que se realizan no IES Campo de San Alberto poden varias en cada curso académico, se ben , xeralmente as existentes e con continuidade son as seguintes:

- Equipo de Convivencia (Ver **Plan de Convivencia** anexo)
- Equipo de Igualdade (Ver **Plan de Igualdade** anexo)
- Dinamización de Actividades Deportivas.
- Dinamización da Revista Entrepontes.
- Dinamización das TICs.
- Dinamización do Proxecto Edixgal.
- Dinamización de Proxectos Internacionais.

- Dinamización da Rede Solidaria.
- Dinamización de Equipo Directivo.

Cada unha das dinamizacións conta cun equipo de traballo que pode estar formado por alumnado e profesorado, unha persoa coordinadora e un plan de actividades.

6. OBXECTIVOSXERAIS E FINS EDUCATIVOS DO IES

6.1. FINS EDUCATIVOS PARA A CALIDADE DA EDUCACIÓN

Con base nos descritores e sinais de identidade do centro, no marco da lexislación educativa vixente (art. 1 da LOE/LOMCE, no seu Capítulo I: *Dos principios de calidade*), no IES Campo de San Alberto propóñense como metas e obxectivos fundamentais a acadar, na educación do seu alumnado, os seguintes:

1. Promover a educación na liberdade e no pluralismo, a tolerancia e o respecto ás diferenzas individuais e colectivas, de acordo con valores éticos e morais. Formar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades.

2. Desenvolver o espírito crítico, a racionalidade e a súa autonomía persoal, e acadar unha formación profesional e cívica útil para a incorporación madura e en condicións á sociedade.

3. Fomentar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo,así coma coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.

4. Potenciar o desenvolvemento das capacidades individuais para favorecer o progreso persoal e futuro profesional. A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.

5. Facilitar a creación e desenvolvemento da organización e asociación do alumnado.

6. Estimular a competencia persoal e a colaboración mutua. A educación no mérito e esforzo persoal e cooperativo.

7. Transmitir coñecementos e conseguir do alumnado unha actitude aberta e receptiva aos cambios que o progreso e a técnica nos achegan.

8. Fomentar e valorar o interese polo bo funcionamento do centro e demais institucións da sociedade.

9. Contribuír ao pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado. A potenciación da súa creatividade, iniciativa e espírito emprendedor.

10. Educar para a convivencia democrática, para a prevención e resolución pacífica dos conflitos, para a paz, a cooperación e a solidariedade.

11. Contribuír á adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos, o medio ambiente, o desenvolvemento sostible e os hábitos saudables.

12. Formar para a comunicación en galego, castelán e nunha ou máis linguas estranxeiras. A formación no respecto á pluralidade lingüística e cultural do noso entorno. A visión da interculturalidade como un elemento enriquecedor da nosa sociedade.

13. Educar para a participación activa na vida económica, social e cultural con actitude crítica e responsable, e con capacidade de adaptación ás situación cambiantes da sociedade do coñecemento.

14. Fomentar a mellora continua como estilo de traballo e valor de superación constante.

6.2. VALORES E ACTITUDES

Tendo como marco os fins educativos anteriores, entre os valores e actitudes que se promoven e se pretenden desenvolver dende o IES, destacar:

1. Conciencia e empatía social, valores cívicos e morais necesarios para convivir e enfrontarse cos problemas e situacións que lle toque vivir ao alumnado.

2. Pensamento crítico como actitude consistente en analizar e avaliar a consistencia dos razoamentos, en especial aquelas afirmacións que a sociedade acepta como verdadeiras no contexto da vida cotiá.

3. Valores e actitudes democráticos: liberdade, responsabilidade, solidariedade, tolerancia, igualdade de oportunidades, discriminación positiva e atención á diversidade. Asumidos e interiorizados.

4. Liberdade-responsabilidade: valores profusamente utilizados, sendo preciso romper coa excesiva rixidez no cumprimento das normas, adoptando, dentro do orde preciso, certa flexibilidade.

5. Solidariedade-tolerancia como actitude individualizada; debe asumirse individualmente como resposta aos problemas ou necesidades que xurdan na relación cos compañeiros/as ou coa sociedade.

6. Autoestima-autoprotecciónéa necesidade de coidarse en todos os aspectos, tanto alimentación e demais coidados físicos, coma na realización de tarefas diarias. Debemos colaborar na adopción de medidas para responder á necesidade colectiva de reducir a sinistralidade laboral e as infeccións polas enfermidades normais e profesionais.

7. A igualdade como feito social, no que se pretende a participación na que o sexo non é un factor distintivo.

8. A atención á diversidade asumida individual y colectivamente como vía de non discriminación por ningunha causa. O alumnado que requira atención específica, individualizada no centro disporá dos elementos de detección e orientación axeitados para individualizar o proceso ensino-aprendizaxe.

6.3. OBXECTIVOS DOCENTES

O PE é o instrumento que diferenza, dá entidade e dota ao IES de especificidades contextuais que melloran a calidade do ensino e as relacións cos seus membros e destes co contexto. A importancia de clarificar os obxectivos e poñerse de acordo é manifesta e primordial.

Neste Proxecto Educativo formúlanse os obxectivos para un período relativamente prolongado, dentro dos límites da escolarización.

O obxectivo básico do IES é o exercicio da educación entendida esta como un PROCESO persoal e compartido de maduración, que estimule e motive, o interese polo estudo e o espírito de superación, a adquisición de hábitos e técnicas de traballo, favorecedor da integración, a cooperación educativa e social e a realización individual plena nos eidos intelectual, moral e laboral/ profesional do noso alumnado.

Definimos os obxectivos do noso IES segundo as actividades propostas en docencia, orientación, formación e participación.

- **Na interacción co alumnado:**

1. Desenvolver unha ensinanza para a educación integral e profesional que promova valores superiores coma a solidariedade e a non discriminación.

2. Estimular o espírito critico no alumnado, educando persoas tolerantes e con amplitude de miras.

3. Valorar a educación na liberdade, no pluralismo e na convivencia, respectando as diferenzas entre os pobos e os individuos, evitando calquera tipo de discriminación.

3. Interesarse pola aprendizaxe e crear condicións e ambientes nos que o alumnado se sinta motivado para investigar, indagar e aprender.

4. Apreciar o coñecemento, respecto e colaboración co entorno natural.

5. Esforzarse pola integración do instituto no entorno social, económico e cultural, valorando a incorporación e inserción activa dos alumnos/as no mesmo.

6. Optimizar a transmisión de coñecementos e mostrar ao alumnado unha actitude aberta e receptiva aos cambios que o progreso e a técnica aportan.

7. Potenciar os intercambios culturais.

- **Obxectivos de procedementos en relación ao Galego e á diversidade cultural:**

1. Desenvolver, dentro da legalidade vixente, o maior número de aprendizaxes das materias en galego.

2. Propor actividades complementarias e extraescolares para o coñecemento da nosa cultura.

3. Crear entornas que potencien e favorezan a comunicación en galego.

4. Defender a multi-culturalidade, valorando o coñecemento doutras rexións, países e as súas culturas.

- **En relación cos obxectivos relativos a valores, normas ou actitudes na aprendizaxe:**

1. Adquirir o hábito de inquedanza pola investigación nos distintos eidos do saber.

2. Esforzarse pola capacitación para a incorporación ao mundo laboral.

3. Preocuparse e tomar conciencia sobre a mobilidade xeográfica no traballo.

3. Aceptar un tratamento axeitado á diversidade, potenciando a aprendizaxe dos alumnos/as en función das súas capacidades.

- **Obxectivos de procedementos a conseguir no profesorado:**

1. Defender o traballo de colaboración en equipo e a súa valoración social, así coma a súa promoción científica e profesional.

2. Crear un ambiente ou clima de traballo agradable e estable , no aspecto humano e no de medios materiais, para establecer a colaboración no seu uso.

- **Obxectivos de procedementos a conseguir no persoal non docente:**

1. Defender o traballo de colaboración en equipo no propio centro.

2. Crear un ambiente ou clima de traballo agradable e estable , no aspecto humano e no de medios materiais, para establecer a colaboración no seu uso.

6.4. OBXECTIVOSPEDAGÓXICO-DIDÁCTICOS

No ámbito pedagóxico-didáctico, no relativo aos obxectivos do IES en canto aos contidos e estándares de aprendizaxe, o centro terá como **obxectivo finalista:**

O dominio por parte do alumnado das competencias clave ao finalizar a ESO incidindo sobre todo nas materias troncais (*lecto-escritura e matemáticas*).

Con base nisto, será preferente para a consecución:

1. Aplicar a aprendizaxe significativa dos contidos nas materias curriculares.

2. Desenvolver a capacidade de inter-relación entre as diferentes materias e aplicación a outras áreas dos coñecementos adquiridos.

3. Potenciar o dominio da comprensión audiovisual, oral e escrita, facendo fincapé especialmente nas:

- Regras de Ortografía.
- Claridade, precisión e coherencia na expresión.
- Lectura comprensiva e crítica.
- Presentación axeitada aos requisitos de traballos e exames.
- Fomentar o uso do galego na lingua escrita.
- Potenciar a orientación práctica das distintas materias.
- Promover a incorporación dos novos avances tecnolóxicos á acción docente.

Os departamentos estarán implicados na consecución destes obxectivos, con independencia do proposto nas súas materias específicas.

En relación coas **metodoloxías** aplicadas no ensino facemos as seguintes pretensións:

1. Desenvolver hábitos de traballo intelectual.

2. Traballar a capacidade de observación e busca da información.

3. Aplicar o razoamento lóxico e do espírito crítico.

4. Potenciar a creatividade.

5. Potenciar e desenvolver o traballo en equipo para apreciara actitude solidaria e cooperativa.

6. Traballar a responsabilidade e o esforzo persoal.

6. Desenvolver e utilizar a capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos a situacións ou problemas reais e de defensa das ideas, proxectos e conclusións.

7. Acercar e analizar a contorna física e os aproveitamentos dos recursos naturais (ríos, brañas, mariñas, bosques,...)

Os obxectivos deste apartado buscan conseguir facer do alumnado suxeitos activos do proceso educativo.

Relativo ás **condutas**, **obxectivo básico no IES é a convivencia das persoas en marcos de tolerancia e solidariedade.**

Para a consecución fomentaranse de xeito interdisciplinario, actividades e condutas que asuman como metas cívico-morais, os dereitos e valores democráticos de convivencia que describimos:

- Respecto ás persoas.
- Non discriminación.
- Valores de Educación para a Convivencia en Paz: actitude democrática (*de participación, de liberdade, responsabilidade, xustiza e solidariedade*) cos compoñentes da comunidade educativa. Educación para a tolerancia e o rexeitamento da violencia e da inxustiza.
- Hábitos hixiénicos e de saúde: actividade física,prevención de enfermidades e drogo-dependencia.
- Respecto ao medio ambiente social: coidado das instalacións e materiais do Centro e da contorna.
- Concienciación da educación viaria: prevencións de accidentes, a contaminación.
- Concienciación no coidado e conservación do medio natural e histórico.
- Concienciación do profesorado da conveniencia de relacionarse oralmente sempre en galego co alumnado e cos pais e nais.
- Uso responsable e activo dos servizos e espazos públicos (bibliotecas, instalacións deportivas, parques,...).

6.4. XESTIÓN E PARTICIPACIÓN

- **De proxección interna:**

1. Fomentar a intervención dos membros da comunidade educativa na xestión do IES. Incentivarase a participación -*do alumnado sobre todo*-, a través de representantes promovendo hábitos de participación.

2. Potenciar actividades a favor da educación no tempo libre.

3. Deseñar e programar actividades que melloren as competencias e as actitudes lingüísticas: teatro, recitación, cine, conferencias, cursos,...

4. Promover encontros coas familias.

- **De proxección externa:**

1. Colaborar activamente cos programas de saúde das institucións públicas.

2. Establecer relacións de coordinación, colaboración e intercambio con todas as institucións da contorna.

3. Concienciar ás familias do alumnado da necesidade de reforzar a acción da escola.

- **De formación permanente:**

1. Favorecer a participación do profesorado e á comunidade educativa en actividades de formación permanente de actualización e renovación científica, cultural, artística e pedagóxica.

- **De ámbito administrativo:**

1. Manter o Galego como a lingua administrativa do Centro.

6.5. ORIENTACIÓN

A Orientación educativa é un proceso de axuda dentro da actividade educativa. O propósito é contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e preparalo para a aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade.

Esta atención educativa garántese nas idades temperás do alumnado e permite a prevención e detección precoz das súas dificultades no desenvolvemento persoal, na aprendizaxe e no seguimento permanente da súa evolución.

Serán obxectivos preferentes:

1. Contribuír á personalizar a educación en todos os aspectos da persoa individualizada.

2. Colaborar na integración do alumnado no centro e no grupo e favorecer a integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tanto permanentes como transitorias.

3. Previr dificultades da aprendizaxe e contribuír a superalas unha vez detectadas, axustando a resposta educativa ás necesidades propias do alumnado.

4. Coordinar as accións de orientación e titoría do centro.

5. Facer campañas de orientación nos IES da zona de influencia destinadas á captación de alumnado.

6. Desenvolver o aspecto orientador da educación, dentro do contexto do alumnado e de cara ao futuro proxectado para si mesmos, impulsando aprendizaxes funcionais e promovendo unha orientación académica e profesional na que sexan capaces de tomar decisións acordes cos seus intereses e capacidades.

7. Estimular procesos de madurez persoal, educación emocional progreso da propia identidade e sistema de valores.

8. Informar -alumnado e familias- de opcións educativas e profesionais rematada ESO, BAC e Ciclos de FP.

9. Auxiliar e colaborar na toma de decisións do alumnado: promoción a outro nivel, ciclo, etapa educativa; nas medidas específicas a adoptar tanto a nivel individual como grupal.

10. Contribuír á relación harmónica entre os integrantes da comunidade educativa.

11. Planificar, coordinar e desenvolver actuacións para atender á diversidade do alumnado nas capacidades, intereses, motivacións e diferenzas causadas polo seu orixe social e cultural.

12. Potenciar a colaboración con outros DD OO da zona educativa, co EOE, cos servizos educativos e asistenciais do concello e con calquera institución pública ou privada que contribúa a mellorara formación do profesorado, alumnado, familias, de acordo coas sinais de identidade do centro.

7. PROGRAMACIÓNS, CONCRECIÓNS CURRICULARES E METODOLOXÍA. DIRECTRICES.

7.1. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na súa Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu CAPÍTULO V, no artigo 27. **Programacións didácticas**, sinala:

"1. Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.

2. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

3. As programacións didácticas incluirán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

a) Introdución e contextualización.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

1º. Temporalización.

2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

l) Medidas de atención á diversidade.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora."

Con base no sinalado na orde, este Proxecto Educativo, establece a continuación unha serie de directrices para a elaboración das programacións didácticas das materias dos currículos nos distintos departamentos.

7.2. CONCRECIÓNS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE

As **Concrecións Curriculares**acordadas no IES Campo de San Alberto están expostas nun **documento independente** de extensión considerable que se adxunta como ANEXO I a este Proxecto Educativo. Dito documento servirá como referencia para o desenvolvemento dos currículos de cada nivel educativo ofertado no noso centro, así como para as propostas didácticas.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, é outro instrumentos básico de referencia para a redacción das programacións didácticas. No seu artigo 3 nos sinala cales son as competencias clave.

Artigo 3. Competencias clave

1. Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

a) Comunicación lingüística (CCL).

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

c) Competencia dixital (CD).

d) Aprender a aprender (CAA).

e) Competencias sociais e cívicas (CSC).

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

2. A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

3. Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

4. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

No documento de concrecións curriculares do IES Campo de San Alberto se explican características das sete competencias clave así como as estratexias metodolóxicas e actividades de aprendizaxe integradas para o seu desenvolvemento e para a súa integración efectiva no currículo de cada nivel educativo ofertado.

7.3. ESTRATEXIASMETODOLÓXICAS. ORIENTACIÓNS.

Na *Orden ECD/65/2015. Anexo II,* obtemos orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula.

Na *Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato*, descríbense aspectos metodolóxicos a considerar na programación de acordo coas competencias clave.

O texto que segue é a tradución ao galego do contido:

ANEXO II

Orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e se retroalimenta o proceso.

Os métodos didácticos débense elixir en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes en que ten lugar o ensino.

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características dos alumnos e alumnas condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que será necesario que o método seguido polo profesor se axuste a estes condicionantes co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado.

Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador *do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, débense enfocar á realización de tarefas ou situacións-problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual*

e cooperativo.

No actual proceso de inclusión das competencias como elemento esencial do currículo, é preciso sinalar que calquera das metodoloxías *seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas se debe axustar ao nivel competencial inicial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.*

Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumnos e alumnas e, para tal fin, os profesores deben ser quen de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que os profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.

As metodoloxías activas débense apoiar en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas. As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación dos alumnos e alumnas ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes.

O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar o alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefainvestigadora a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.

Así mesmo, resulta recomendable o uso do portfolio, que proporciona información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Finalmente, é necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos débense propor unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conexionadas permiten abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara a unha construción colaborativa do coñecemento.

En relación cos **principios metodolóxicos**, o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño* enumera os principios metodolóxicos *aplicables á Secundaria e Bacharelato:*

1. Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A metodoloxía que se utilice favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá as medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público se traballen polo profesorado en todas as materias. O alumnado debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluirán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a

terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. A acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante. O/a profesor/a titor/a coordinará a intervención educativa do equipo docente e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais, co fin de garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

7.4. ESTRATEXIAS APLICABLES

- **De xeito orientador:**

1. **Estratexia expositiva participativa:** Na exposición inicial dos contidos da materia, foméntase a participación activa do alumnado, fuxindo da recepción pasiva. Promóvese o diálogo interactivo entre o alumnado e profesor.

2. **Estratexia referencial:** Procúrase a relación coa realidade próxima por medio dos Mas Media, recollendo novas de exposicións, actos e acontecementos relacionados co mundo da cultura ou da historia en xeral. O feito de estar en Noia, concello próxima a Santiago de Compostela dota de posibilidades: exposicións , conferencias, etc..

3. **Estratexia de indagación:** O obxectivo é facilitar a asimilación de contidos, hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudio: traballos curtos de síntese, comentarios de feitos históricos concretos.

4. **Estratexia de intercambio e debate:** O fomento de debates e as saídas pola contorna buscan a asimilación crítica polo alumnado de valores e actitudes para a consecución de criterios e personalidade propios.

- **Criterios Metodolóxicos:**

En relación co exposto anteriormente, entre os criterios para elaborar e aplicar as estratexias metodolóxicas das materias dos currículos, destacar os seguintes:

1. **Adaptación ás características e intereses do alumnado**, de acordo coas capacidades intelectuais individuais e colectivas propias da etapa.

2. **Autonomía persoal:** incentivar a capacidade para aprender por si mesmo.

3. **Proactividade:** fomentar a participación na dinámica xeral da aula, con estratexias individuais e en grupo que fomenten a socialización. Hai moito alumnado novo.

4. **Motivación e sensibilidade:** espertar o interese pola aprendizaxe.

5. **Integración e interdisciplinariedade:** exposición dos contidos cunha estrutura clara, establecendo interrelacións entre disciplinas: arte, linguas, cultura, ...

6. **Funcionalidade**: fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para ulteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá.

7. **Variedade na metodoloxía**. Apréndese mellor con fórmulas diversas. Os métodos deben ser diversos porque o alumnado é diverso.

8. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

8.1. NECESIDADE DE AVALIAR

O Proxecto Educativo de Centro é o eixo central da organización e planificación do Centro e marco de referencia da actividade escolar.

A LOE (*Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*) e LOMCE (*Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*) establece unha formulación integradora do PEC, documento no que conflúen os aspectos educativos e as concrecións curriculares.

O PE debe conter en todo caso os seguintes puntos:

- Características da entorna social e cultural do centro.
- Os valores, obxectivos e prioridades de actuación.
- A concreción dos currículos e o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.
- Atención á diversidade do alumnado.
- A acción titorial.
- O plan de convivencia
- Organización e estrutura

Pola rápida evolución social, o PE non pode ser un documento ríxido; o IES adaptará o texto aos requirimentos sociais de cada momento.

Para saber que aspectos do PE corrixir, reforzar e que elementos incorporar, a AVALIACIÓN CONTINUA do PE será o requisito *sine qua non* para a actualización e adaptación da actividade escolar ás circunstancias específicas do Centro.

A necesidade de avaliación da acción educativa implica actualizarse e mellorar de xeito continuo, auto-regularse en función das diferenzas observadas entre o propósito que a guía e o alcanzado que achega ou afasta dos obxectivos.

8.2. AVALIACIÓN DO PE

O Centro debe incorporar os instrumentos de avaliación en todos os ámbitos da actividadeformativa, incluíndo a revisión periódica do PE.

Unha análise do PEC eficaz debe contemplar os parámetros de avaliación do plan:

- Que se vai a avaliar?
- Como se vai a levar a cabo?
- Quen vai ser o encargado?
- Cando se vai a desenvolver a análise?

Para levar a cabo a AVALIACIÓN pode ser preciso:

- Dedicar monograficamente unha sesión do CE ó análise e desenvolvemento do PE.
- Solicitar informes sobre a aplicación a membros da comunidade educativa.
- Nomear unha comisión para que faga un estudio valorativo.
- Propor un seminario centrado na avaliación do PE.
- Realizar sesións valorativas cun asesor externo

O IES deberá proceder ao estudo e análise de:

- **Infraestruturas e os equipamentos**. Verificar a súa adecuación ás esixencias lexislativas e comproba ro grao de idoneidade das infraestruturas aos procesos de aprendizaxe. Será preciso facer o inventario dos recursos materiais e unha análise valorativo pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Claustro e polo alumnado para coñecer as áreas de mellora. O momento de realización do inventario será ao elaborar o plan de avaliación e na fase final.
- **Profesionais do centro**. Estudar se o persoal do IES é suficiente para dar resposta ás necesidades, o seu impacto nos procesos educativos e nos obxectivos na formación do alumnado.Oequipo directivo encargarase de avaliar a información a través de cuestionarios de avaliación dos profesionais,analizados tamén polo claustro. Realizarse tanto ao principio como ao final do plan de avaliación, con revisións anuais dos datos.
- **Alumnado**. Analizar, ao principio e ao final do plan de avaliación con cuestionarios anuais a inicio de curso, aspectos como o *tipo de alumnado, o número de estudantes e as súas necesidades educativas a partir da diversidade*. A persoa titora (*axuda do equipo directivo, orientación e/ou a inspección educativa*) elaborará un inventario con toda a información de cada alumno e alumna e a existencia ou non de cada indicador. O equipo directivo, o claustro, o consello escolar e o propio alumnado os que avalíen opositivo e mellorable na aprendizaxe.
- **Organización de tempos, espazos e recursos**. A avaliación do PE contén a análise pormenorizada da toma de decisións respecto dos tempos, espazos e recursos. O claustro debe valorar o grao de éxito ou fracaso dos procesos, avaliación que realizarase ao comezo de cada curso escolar, ademais da o comezo e termo do plan.

A avaliación do PE:

- É concibida para implementarse pola comunidade escolar, como proceso de análise, reflexión e apoio á mellora do IES. Configúrase como a tarefa que expón problemas, tensións e dificultades de diversa natureza no IES.
- Debe utilizar metodoloxías e estratexias de carácter cualitativo e holístico.
- Realízase dunha maneira indirecta a través do Plan Anual e Memoria.
- Debe facerse unha avaliación global do PE cada certo tempo (4 anos).

8.3. INFORME DE AVALIACIÓN. RETROALIMENTACIÓN

O plan de avaliación dará resposta no seu **informe** a:

- *Onde estamos?*en relación ao realizado ata o momento.
- *Que logramos?* en relación a que pretendíamos lograr.
- *Como podemos mellorar?*en relación a onde queremos chegar.

Establecidas as **conclusións**, a Dirección proporá as novas medidas de mellora para a súa inmediata implementación no Centro e proceder a súa nova avaliación.

É necesario **revisar**frecuentemente anualmente:

- A súa implantación
- O seu grao de utilidade
- A súa validez

9. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA

NORMATIVA DE REFERENCIA que vertebra este documento:

Con base na lexislación aplicable, reflíctase a normativa de referencia en educación secundaria:

- *Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de RégimenJurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.*
- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).*
- *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. LOMCE.*
- *CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. DECRETO 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. ORDE do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *LEI 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. LOFAXGA.*
- *PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA. LEI2/2015, de 29 de abril, del emprego público de Galicia.*
- *Orde 28/06/2010 aplicación D. 324/96 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA ORDE do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente as ordes do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e establécese a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinos non universitarios.*
- *PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- *CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- *Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).*
- *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).*
- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).*
- *Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).*
- *Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).*
- *RESOLUCIÓN de 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*
- *ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitaria de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.*
- *Instrución do 04/06/2014 para aplicación orde 10/02/2014 de plurilingüismo.*
- *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia na Sección 3.ª Plan Xeral de Atención á Diversidade.*
- *RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *REAL DECRETO 732/1995 de 5 de mayo por el que se establecen los derechos y deberes de los alumnos y las normas de convivencia en los centros.*
- *CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN. Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme criterios obxectivos, para a educación secundaria.*
- *CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARI. DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.*
- *CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA ORDE do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.*

En relación coa EDUCACIÓN DE ADULTOS reflíctase a normativa de referencia en educación secundaria:

- *CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. ORDE do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas, adultas e os requisitos mínimos dos centros.*
- *Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos. DOG 6 agosto 1992*
- *Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 31 de xullo de 2009*
- *Orde do 26 de abril de 2007 pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 8 de maio de 2000.*
- *Orde do 11 de xuño de 2010 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. DOG 21 de xuño de 2010*
- *Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 22 de decembro de 2016 pola que se modifica a Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Circular 5/2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas no curso 2017/18.*
- *Circular 4/2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se ditan Instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2017/2018.*

10. ANEXOS

Forman parte e complementan o Proxecto Educativo do IES Campo de San Alberto os seguintes documentos:

ANEXO I. Concrecións Curriculares
ANEXO II. Plan de Orientación Educativa
ANEXO III. Plan de Atención á Diversidade
ANEXO IV. Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF)
ANEXO V. Plan de Convivencia e Plan de Acollida
ANEXO VI. Plan de Igualdade
ANEXO VII. Proxecto Lingüístico de Centro
ANEXO VIII. Proxecto Lector
ANEXO IX. Plan TIC
ANEXO X. Plan de Autoprotección
ANEXO XI. Plan de Adaptación á situación Covid-19 no curso 2020-2021